



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 25 de novembro de 2021 (1108/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e cinco de novembro de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Losada Álvarez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1042).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 18 de novembro e extraordinaria e urxente do 19 de novembro de 2021. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1043).- BASES DO PROGRAMA DE “SUBVENCIONS A ORGANIZACIONS NON GUBERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD) PARA A REALIZACION DE PROXECTOS DE COOPERACION INTERNACIONAL. CONVOCATORIA DE 2022. CONCELLO DE VIGO (POLITICA DE BENESTAR SOCIAL)”. EXPTE. 225839/301.

Visto o informe xurídico do 22/09/2021 e o informe de fiscalización do 16/11/2021, dáse conta do informe-proposta do 09/11/2021, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. O Pleno do Concello de Vigo incluiu nos orzamentos xerais do exercicio de 2021 unha aplicación orzamentaria para o desenvolvemento de proxectos de cooperación desde a Área de Política de Benestar Social; a nº 2310.480.00.09 (“*Convocatoria subvencións cooperación*”).

I.2. Neste ano 2021, debido a crise sanitaria provocada pola COVID-19, foi imposible a implementación destes proxectos, que foron substituídos por outros de axuda humanitaria relacionados, especificamente, cos efectos adversos da pandemia en Cabo Verde, Perú, Sahara, RD Congo, etc.

I.3. Constatada a melloría relativa da situación sanitaria global e seguindo as instrucións da Concelleira delegada de Política de Benestar Social, procede programar a execución do orzamento 2022 mediante a convocatoria pública de subvencións a proxectos de cooperación internacional e solidariedade, promovendo deste xeito a publicidade e a concorrència no outorgamento de axudas municipais, no marco xurídico configurado pola L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), así como os do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da LXS, as Bases de execución do orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables.

I.4. Así as cousas, fíxose necesaria a elaboración dunhas bases que regulasen a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións para Organizacións Non Gubernamentais de Desenvolvemento (ONGD) destinadas a financiar proxectos de cooperación internacional no exercicio 2022 que poderán financiarse con cargo á precitada aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.09 dos orzamentos municipais e á súa bolsa de vinculación.

I.5. Para estes efectos, contouse coa valiosa colaboración e as achegas dos integrantes do «Consello Sectorial de Cooperación Internacional e Solidariedade do Concello de Vigo», órgano colexiado permanente de participación e punto de encontro entre o Concello e as persoas e asociacións sen ánimo de lucro que traballan no ámbito da cooperación internacional e a solidariedade entre os pobos e que ten carácter consultivo e asesor nas materias relacionadas co seu ámbito de actuación.

II. INFORME

II.1. A concesión destas subvencións destinadas á execución de proxectos de cooperación internacional no exercicio de 2022 efectuarase de acordo cos principios de publicidade, concorrència e obxectividade, de acordo coas Bases elaboradas. Estas subvencións están previstas na aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.09 dos vixentes orzamentos municipais (“*Convocatoria subvencións Cooperación*”), destinando a tal fin unha cantidade de 60.000 €.

II.2. A competencia municipal para intervir nesta materia deriva, tal como se xustifica expresamente na Exposición de Motivos das Bases, do previsto na L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de cooperación internacional para o desenvolvemento, na L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado, na anterior L.3/2003, do 19 de xuño, de



Concello de Vigo

Cooperación para o desenvolvemento, de Galicia (na que se consideraba ás entidades locais como “*axentes da cooperación internacional para o desenvolvemento*”: Art. 23) e na vixente L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, que derrogou á precitada L.3/2003, do 19 de xuño e que establece tamén (Art. 98) que as entidades locais poderán desenvolver actuacións de cooperación para o desenvolvemento, como proxección exterior do exercicio das súas competencias, promovendo a coordinación e complementariedade entre as administracións públicas e achegando un valor engadido, especialmente naqueles ámbitos nos que o municipalismo galego conta con experiencia e capacidade diferenciadas, como a protección dos dereitos sociais básicos, a igualdade de xénero e a educación para a cidadanía global, entre outros.

II.3. En definitiva, as atribucións competenciais do Concello de Vigo para intervir neste ámbito derivan tanto da lexislación de réxime local como da normativa sectorial específica estatal e autonómica en materia de cooperación ó desenvolvemento.

III. PROPOSTA DE ACORDO

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar as Bases do programa de «SUBVENCIONES A ORGANIZACIONES NON GUBERNAMENTAIS DE DESARROLLO (ONGD) PARA LA REALIZACIÓN DE PROYECTOS DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL. CONVOCATORIA DE 2022. CONCELO DE VIGO (POLÍTICA DE BIENESTAR SOCIAL)» e os seus Anexos I – V (constan no Exp. n.º 225839/301, cos trámites núms. 63 e 19, respectivamente).

SEGUNDO: Autorizar a tramitación deste expediente como anticipado de gasto, de acordo co previsto no Art. 56 do RD.887/2006, do 21 de xuño e na Base de execución do orzamento xeral municipal nº 29.3.

TERCEIRO: Autorizar o gasto por un importe total de 60.000 € para financiar este programa de subvencións, con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.09 (“*Convocatoria subvencions cooperación*”) e á súa bolsa de vinculación.

CUARTO: Facultar á Concalleira delegada de Política de Benestar Social para autorizar previamente e de forma expresa as eventuais modificacións dos proxectos subvencionados, dando conta con posterioridade á Xunta de Goberno Local.

QUINTO: Aprobar, para os efectos do disposto nos Arts. 17.3.b), 18, 20.8 e 23.2 da LXS, a convocatoria destas axudas e o seu extracto, que deberá ser publicado no BOP de Pontevedra por conduto da BDNS, con indicación do Boletín oficial no que se publiquen as Bases. Remítanse tamén á BDNS os datos esenciais que permitan identificar as axudas convocadas (“*datos estruturados*”).

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

SUBVENCIONS A ORGANIZACIONS NON GUBERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD) PARA A REALIZACION DE PROXECTOS DE COOPERACION INTERNACIONAL. CONVOCATORIA DE 2022. CONCELLO DE VIGO (POLITICA DE BENESTAR SOCIAL).

BASES REGULADORAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

IA L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de cooperación internacional para o desenvolvemento, posta en relación coa Constitución española de 1978 e os Arts. 2 e 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local e 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, habilitan expresamente para que desde as entidades locais se leven a cabo accións e programas incluíbles no concepto de “*cooperación para o desenvolvemento*”, expresión solidaria da sociedade local que, en todo caso, basearase nos principios de autonomía orzamentaria e autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución (no marco da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento) e no de colaboración entre Admóns. Públicas, tocante ó acceso e participación da información e máximo aproveitamento dos recursos públicos.

Esa mesma capacidade municipal para intervir en materia de cooperación internacional aparecía xa recoñecida expresamente na L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento, na que se consideraba ás Entidades Locais como “*axentes da cooperación internacional para o desenvolvemento*” (Art. 23) e encomendábaselle á Xunta de Galicia a implementación dunha política activa de colaboración cos concellos galegos, as Deputacións e demais Entidades Locais que destinasen recursos á cooperación para o desenvolvemento, pulando a participación dos concellos galegos en accións de cooperación para o desenvolvemento mediante a aplicación de instrumentos mancomunados como o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, consorcios intermunicipais e outros entes de análogas características (Art. 14.3).

A vixente L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, que derogou á precitada L.3/2003, do 19 de xuño, establece tamén (Art. 98) que as entidades locais poderán desenvolver actuacións de cooperación para o desenvolvemento, como proxección exterior do exercicio das súas competencias, promovendo a coordinación e complementariedade entre as administracións públicas e achegando un valor engadido, especialmente naqueles ámbitos nos que o municipalismo galego conta con experiencia e capacidade diferenciadas, como a protección dos dereitos sociais básicos, a igualdade de xénero e a educación para a cidadanía global, entre outros.

Finalmente, a L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado, reafirma que as Entidades Locais poden actuar no eido da cooperación internacional para o desenvolvemento e expresa que a Acción exterior neste sector orientarase a contribuír á erradicación da pobreza, ó desenvolvemento humano sostible e ó pleno exercicio dos dereitos, mediante a consolidación dos procesos democráticos e o Estado de Dereito, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crisis humanitarias.



Concello de Vigo

Esta atribución competencial realizada pola lexislación sectorial en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento ten fundamento mediato na propia CE/1978 (Preámbulo, Título Preliminar, Arts. 9.2, 10, 137...) e resulta congruente co contido do Art. 10.3 da Carta Europea de Autonomía local, ratificada por España, que establece que as Entidades Locais poderán, nas condicións eventualmente previstas pola Lei, cooperar coas entidades doutros Estados.

A entrada en vigor da L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. Local (LRSAL), non afectou ó exercicio da competencia municipal nesta materia, por tratarse dunha competencia atribuída con anterioridade ás entidades locais mediante lexislación sectorial estatal (L.23/1998) e autonómica (antes: L.3/2003; hoxe: L.10/2021), plenamente vixente.

Na mesma liña, na L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, sinálase claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás Entidades Locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio...*» (Disp. Adic. 1ª).

II

O Concello de Vigo formou parte desde o ano 1998, como socio de pleno dereito, do «Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade» (FGCS), acordando por unanimidade (Pleno do 03.08.1998) a súa adhesión, aceptando os seus estatutos e declaración programática e asumindo o compromiso de dotar orzamentariamente unha partida como achega anual con destino ó financiamento de proxectos aprobados polo FGCS. Esta entidade sen ánimo de lucro de carácter municipalista tiña e ten por obxecto desenvolver, desde Galicia, políticas de cooperación e de solidariedade cos países empobrecidos do mundo.

Os seus obxectivos foron expresamente recoñecidos xa na L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento, na que se salientaba que a creación deste instrumento mancomunado de participación permitira a asunción por parte do municipalismo galego dunha liña de actuación propia, promovendo a participación en proxectos e programas de cooperación, evitando atomizacións ou duplicidades.

Na actualidade, a L.10/2021, considera ó FGCS como un dos interlocutores permanentes da Administración autonómica en materia de cooperación para o desenvolvemento (Exposición de Motivos e Art. 98.2) e un dos axentes de cooperación para o desenvolvemento (Art. 96.3.a).

Ata o ano 2015 desenvolvéronse, mediante convenios de colaboración entre o Concello de Vigo e o FGCS, diferentes proxectos de cooperación directa en países como Nicaragua, Mozambique ou Cabo Verde, que permitiron levar a cabo programas e actividades de construción de vivendas para persoas sen recursos, de apoio e dinamización de cooperativas de mulleres, medioambientais (xestión de residuos), de turismo rural, agricultura sustentable, etc.

Con todo, na súa sesión ordinaria do 28.09.2015 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de solicitar a separación voluntaria do Concello de Vigo do «Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade».

Así as cousas, fíxose necesaria a elaboración dunhas Bases que regulasen a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións para Organizacións Non Gubernamentais de Desenvolvemento destinadas a financiar proxectos de cooperación internacional, no marco xurídico configurado pola L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), así como os do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da LXS, as Bases de execución do orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables.

Os proxectos a desenvolver ó abeiro desta convocatoria de axudas enmárcanse nos obxectivos e metas establecidas na Axenda 2030 das NNUU para o desenvolvemento sostible, que demanda unha política pública de cooperación centrada na xeración de cambios positivos e sostibles nas condicións de vida das persoas.

Para estes efectos, contouse coa valiosa colaboración e as achegas dos integrantes do «Consello Sectorial de Cooperación Internacional e Solidariedade do Concello de Vigo», órgano colexiado permanente de participación e punto de encontro entre o Concello e as persoas e asociacións sen ánimo de lucro que traballan no ámbito da cooperación internacional e a solidariedade entre os pobos e que ten carácter consultivo e asesor nas materias relacionadas co seu ámbito de actuación.

A concesión destas subvencións destinadas á execución de proxectos de cooperación internacional efectuarase segundo os principios de publicidade, concorrència e obxectividade, de acordo coas seguintes,

BASES

Base 1ª.- OBXECTO E FINALIDADE

Estas Bases teñen por obxecto regulamentar a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a ORGANIZACIÓNS NON GUBERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD) para a realización de proxectos de cooperación internacional ó desenvolvemento, solidariedade, promoción e mellora das condicións de vida en países menos desenvolvidos que contribúan a acadar os obxectivos de desenvolvemento sostible e concretamente a:

a) Satisfacer as necesidades básicas da poboación deses países, entendendo por tales as relacionadas coa alimentación, a vivenda, a saúde, a educación, os servizos sociais e/ou a implantación de pequenas infraestruturas. Estas accións deberán contar cunha certa permanencia ou estabilidade, excluíndose, polo tanto, os proxectos de axuda humanitaria dirixidos a paliar situacións transitorias derivadas de catástrofes ou semellantes.

b) Impulsar e executar accións de desenvolvemento local sostible e autosostido, entendendo como tales as orientadas ó desenvolvemento, á sostibilidade e a atención ás necesidades socio-económicas da poboación (prestación de servizos básicos de luz, auga, transporte, educación, rehabilitación de áreas urbanas...).

Os proxectos que se presenten á convocatoria non poderán conter na súa formulación ningún tipo de discriminación e/ou exclusión e deberán respectar a idiosincrasia da poboación beneficiaria e o seu medio ambiente.

Base 2ª.- PRIORIDADES TRANSVERSAIS DE CONCESIÓN



Concello de Vigo

Para a concesión das subvencións consideraranse prioritarias aquelas accións encadradas nalgún dos seguintes supostos:

a) Que se trate de proxectos a desenvolver nalgúns dos países considerados xeograficamente estratéxicos no IV Plan Director de Cooperación Galega 2018-2021:

- África: Cabo Verde, Mozambique e Guinea Bissau.
- América do Sur: Bolivia, Ecuador, Perú.
- América Central: El Salvador, Guatemala, Honduras, Nicaragua.
- Caribe: República Dominicana.

- Os considerados países menos adiantados (PMA) ou cun Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) baixo, recibirán a mesma valoración que os prioritarios, por seren países que precisan dunha especial atención por parte de toda a comunidade internacional.

Así mesmo, terán a consideración de países prioritarios:

- Aqueles onde a cooperación galega ten xerado capacidades na atención a poboacións refuxiadas e desprazadas e países afectados por conflitos ou crises humanitarias como son a poboación saharai, territorios palestinos, Haití ou outros cuxo contexto xustifique a intervención.

- Aqueles países nos que a cooperación galega, e particularmente as entidades beneficiarias, teñan demostrada ampla experiencia de traballo, como poden ser India ou os países lusófonos.

b) Que se trate de proxectos destinados ós seguintes ámbitos estratéxicos incluídos no IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021:

- AE 1. Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.
- AE 2. Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sostibles, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.
- AE 3. Impulsar a equidade de xénero e o empoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia.

c) Que incorporen as prioridades transversais da cooperación galega incluídas no IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021:

- A erradicación da pobreza multidimensional.
- A equidade de xénero.
- A defensa da sustentabilidade ambiental e a loita contra o cambio climático.
- O enfoque baseado en dereitos humanos.
- O respecto pola diversidade cultural e a promoción da interculturalidade.
- A equidade e a loita contra as desigualdades.

- A participación cidadá e o fortalecemento institucional e da sociedade civil.

d) Que dean participación á poboación beneficiaria desde a súa elaboración e deseño ata a súa execución e avaliación.

e) Que dean continuidade a proxectos anteriores.

f) Que os proxectos propostos non substitúan a acción do Estado na prestación de servizos públicos.

g) Que contén coa participación dunha contraparte local que actuará como socio da entidade solicitante na execución e xestión dos recursos.

h) Que contén con experiencia no desenvolvemento de proxectos de cooperación internacional.

BASE 3ª. COLECTIVOS PRIORITARIOS

Aínda que a cooperación internacional deba ter un enfoque integral e universalista, existen determinados colectivos que, pola súa situación de especial vulnerabilidade, deben ser obxecto dunha atención preferente, como son:

- As mulleres e nenas.
- A infancia e a mocidade, especialmente fronte á explotación e a exclusión do sistema educativo.
- A poboación refuxiada ou desprazada por razóns de conflito bélico, políticas, económicas, sociais, ambientais, con atención específica ós colectivos de infancia, muller, persoas maiores, persoas con diversidade funcional, etc.
- A poboación indíxena e as minorías étnicas.
- As persoas con diversidade funcional, as persoas enfermas sen recursos, persoas maiores dependentes, etc.

Base 4ª.- ENTIDADES BENEFICIARIAS: REQUISITOS

Poderán solicitar estas subvencións para a realización de proxectos de cooperación internacional ó desenvolvemento e sensibilización social as ORGANIZACIÓNS NON GUBERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD) que reúnan os seguintes requisitos:

a) Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento ou ter solicitado dita inscrición na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

b) Carecer de ánimo de lucro e non depender económica ou institucionalmente de entidades lucrativas.

c) Ter entre os seus fins institucionais expresos, segundo os seus propios estatutos, a realización de actividades relacionadas coa cooperación ó desenvolvemento e o fomento da solidariedade entre os pobos, cooperación social ou actividades semellantes.



Concello de Vigo

- d) Dispor da estrutura necesaria para garantir o cumprimento dos seus obxectivos, acreditando unha experiencia mínima demostrable de tres (3) anos realizando proxectos coa conseguente capacidade operativa para isto.
- e) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), Concello de Vigo e coa Seguridade Social.
- f) Non estar incurso en prohibición ningunha para obter a condición de beneficiaria de subvencións, de conformidade cos artigos 10 da LSG e 13 da LXS.
- g) Presentar un proxecto que sexa tecnicamente viable.
- h) Identificar ás contrapartes ou socios locais que participen responsablemente na execución material do proxecto e na xestión dos recursos, constando expresamente o seu compromiso no proxecto con convenio ou carta de compromiso.

Base 5ª.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS SUBVENCÍONS

A convocatoria estará dotada cun orzamento total de 60.000 €, que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“Convocatoria subvencións cooperación”) e á súa bolsa de vinculación.

O Concello de Vigo asumirá, como máximo, o 95% do custo total do proxecto, que deberá ser complementado coa achega do 5% restante, como mínimo. Esta achega pode facerse desde a entidade solicitante, o parceiro local e/ou a poboación beneficiaria, entidades privadas ou outras Administracións públicas. Dita achega poderá ser total ou parcialmente valorizada.

As subvencións concedidas serán dun importe máximo de 15.000 € por cada proxecto subvencionado.

Base 6ª.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (LPACAP), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar estas solicitudes de subvención xunto coa documentación complementaria, a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

As solicitudes presentaranse directamente a través do Rexistro electrónico deste Concello ou dos demais previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP). Achegaranse debidamente cubertas segundo o modelo oficial (ANEXO I) aprobado con estas Bases, que estará dispoñible na web municipal www.vigo.org

De se achegar presencialmente a solicitude ou a documentación complementaria, requirirase a súa subsanación mediante a presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se tivese realizado a subsanación.

Así mesmo e a teor do disposto no artigo 81 do Regulamento da L.38/2003 (LXS), establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das

subvencións. A tal efecto, as entidades beneficiarias achegarán a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos, resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes desde a publicación oficial do extracto da convocatoria, na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17.3.b], 18 e 20.8.a]) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións - BDNS (Resolucións IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015). Así mesmo publicarase no Taboleiro de Anuncios e Editos da Casa do Concello (<https://accesible-sede.vigo.org/expedientes/taboleiro/>) e na páxina web www.vigo.org debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>.

A solicitude deberá vir acompañada da documentación que a seguir se relaciona. Deberá estar plenamente actualizada e redactada en calquera dos idiomas oficiais de Galicia. Se a documentación correspondente á contraparte local figurase nun idioma distinto deberá achegarse a súa tradución.

Base 7ª.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

1) DNI da persoa que asina a solicitude e documento acreditativo da representación que posúe na entidade solicitante.

2) Código de identificación fiscal da entidade.

3) Estatutos da entidade onde conste explicitamente a inexistencia de ánimo de lucro da entidade.

4) Acreditación de estar inscrita ou de ter solicitado a inscrición no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento, co compromiso neste último caso de presentala tan pronto como se produza.

5) Certificacións acreditativas de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA, Concello de Vigo e coa Seguridade Social.

6) Declaración responsable da persoa que ostente a representación legal da entidade, segundo o modelo que figura no ANEXO II destas Bases, acreditativa:

- Das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola entidade solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.
- De non estar inhabilitada ou incurso en prohibición para obter a condición de beneficiaria de subvencións.

A presentación da solicitude de subvención comportará a autorización ó órgano xestor (Departamento de Benestar Social) para recabar, de ser o caso, a demais información de natureza económica/tributaria que sexa necesaria para tramitala.

7) Proxecto concreto de actuación, que se formulará de acordo co estipulado nas Bases (ANEXO III).



Concello de Vigo

- 8) Declaración asinada pola persoa que ostente a representación legal da entidade na que conste o compromiso de achegar a diferenza, directamente ou por financiamento de terceiros, entre o custo total do proxecto e a axuda ou subvención (ANEXO I).
- 9) Certificación bancaria acreditativa do número de conta onde se desexa que se ingrese o importe da subvención.
- 10) Certificación acreditativa do número de socios/as con que conta a ONGD en Galicia.
- 11) Carta de compromiso de participación no proxecto por parte da contraparte local, asinada pola persoa que desempeña a representación legal da entidade.
- 12) De ser o caso, documentación xustificativa da experiencia no traballo en materia de cooperación internacional.
- 13) Calquera outra documentación que se considere necesaria.

Base 8ª.- MELLORA DA SOLICITUDE

Se a solicitude presentada pola ONGD non reúne os requisitos establecidos nestas Bases e/ou non achega a documentación indicada ou está incompleta ou ten algún defecto, requiriráselle para que no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles a achegue, complete e/ou emende as deficiencias observadas; indicándolle que, se así non o fixer, se lle terá por desistida da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPACAP.

Base 9ª.- NÚMERO DE PROXECTOS

As ONGD solicitantes só poderán presentar un proxecto á convocatoria, axustado ó establecido nestas Bases.

Base 10ª.- PROCEDEMENTO

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas Bases axustarase ó establecido nas de execución dos orzamentos do Concello de Vigo, na LSG, na LXS e na demais normativa aplicable, coas seguintes especificacións:

1.- Órgano instrutor:

a) Composición:

Estará integrado polos técnicos do Departamento de Benestar Social que se designen.

b) Funcións:

- Informar as solicitudes presentadas comprobando que as actividades son subvencionables, as entidades solicitantes cumpren cos requisitos esixidos e a documentación presentada está completa. O órgano instrutor pode solicitar cantos informes considere oportunos para a tramitación do expediente.

- Comunicarlles ós membros da «Comisión de Avaliación de Actividades de Desenvolvemento» que os expedientes están preparados para que poidan examinalos. Os seus membros disporán dun prazo mínimo de dez (10) días hábiles para estudar os proxectos.
- Formular á Xunta de Goberno Local, con base na avaliación dos proxectos realizada pola Comisión, a proposta de resolución que proceda desta convocatoria de subvencións.

2.- «Comisión de Avaliación de Actividades de Desenvolvemento»:

a) Composición:

Estará integrada polos seguintes membros:

- A Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social, que ostentará a Presidencia.
- O Xefe de Área de Benestar Social ou o/a técnico/a municipal da Área que se designe.
- A Xefa do Servizo de Benestar Social ou o/a técnico/a municipal da Área que se designe.
- Un/unha funcionario/a de carreira do Concello, que actuará como Secretario/a, con voz pero sen voto.

O «Consello sectorial de Cooperación Internacional e Solidariedade» poderá designar, a pedimento da súa Presidenta, dous/dúas asesores/as expertos/as no proceso de avaliación dos proxectos.

b) Funcións:

A avaliación das solicitudes, realizando o estudo, seguimento e valoración dos proxectos presentados aplicando os criterios e coeficientes recollidos nestas Bases.

c) Proposta de resolución e órgano competente para resolver:

A secretaría da Comisión Avaliadora redactará a acta da reunión que incluírá unha proposta de avaliación non vinculante. Posteriormente, o órgano instructor elaborará a correspondente proposta de resolución que lle será remitida á Xunta de Goberno local, órgano competente para resolver.

d) Prazo para resolver:

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres (3) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda. A resolución porá fin á vía administrativa e contra ela poderán interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo.

e) Publicidade das subvencións concedidas:

Unha vez resolto o procedemento, publicarase na/s sección/s correspondentes da web municipal a información relativa ás entidades beneficiarias, axudas concedidas ou denegadas e á súa contía.



Concello de Vigo

Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Base 11ª.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

a) Experiencia da ONG ou asociación solicitante e da contraparte (de 0 a 18 Ptos.):

- Número de proxectos realizados pola ONGD solicitante: de dous a catro proxectos nos últimos tres anos, 2 puntos. Cinco ou máis proxectos nos últimos tres anos, 4 puntos.
- Experiencia na zona/país da ONGD solicitante. Presencia acreditada no país, con proxectos nos últimos tres anos, 4 puntos.
- Experiencia de traballo conxunto entre a ONGD e a contraparte, concretada en proxectos, actividades, campañas, etc.: ata dous anos de experiencia previa coa contraparte, 1 punto; dous anos de experiencia, 2 puntos; tres ou máis anos, 4 puntos.
- Experiencia no sector de actuación da ONGD solicitante e da contraparte. Tres ou máis proxectos no sector de actuación (tanto da ONGD solicitante como da contraparte) nos últimos tres anos, 2 puntos. Cinco ou máis proxectos no sector de actuación (entre as dúas, a ONG solicitante e a contraparte) nos últimos tres anos, 4 puntos.
- Ter sede, domicilio social ou delegación permanente na Comunidade Autónoma de Galicia, e compromiso de mantela aberta durante alomenos un (1) ano despois da finalización do proxecto. A estes efectos, entenderase por delegación permanente aquela que conte con persoal permanente de organización, xa sexa contratado ou voluntario e local fixo para a realización de actividades e/ou aquelas que acrediten a realización de actividades en Galicia, 2 ptos.

b) Número de persoas beneficiarias do proxecto (de 0 a 6 Ptos.):

- De 10 a 20 persoas, 2 puntos.
- De 21 a 40 persoas: 4 puntos.
- Máis de 41 persoas: 6 puntos.

c) Grao de adecuación do proxecto ás prioridades sinaladas na Base 2ª, apdos. a), b) e c) (de 0 a 25 Ptos.):

- Proxectos a desenvolver nos países considerados xeograficamente estratéxicos no IV Plan Director de Cooperación Galega 2018-2021 (África: Cabo Verde, Mozambique e Guinea Bissau; América do Sur: Bolivia, Ecuador, Perú; América Central: El Salvador, Guatemala, Honduras, Nicaragua; Caribe: República Dominicana), nos considerados países menos adiantados (PMA) ou cun Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) baixo, naqueles onde a cooperación galega ten xerado capacidades na atención a poboacións refuxiadas e desprazadas e países afectados por conflitos ou crises humanitarias como son a poboación saharai, territorios palestinos, Haití ou outros cuxo contexto xustifique a intervención ou naqueles países nos que a cooperación galega, e particularmente as entidades beneficiarias, teñan

demonstrada ampla experiencia de traballo, como poden ser India ou os países lusófonos, 13 puntos.

- Proxectos dirixidos á mellora dos ámbitos estratéxicos do IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021, 8,50 puntos.
- Incorporación das liñas transversais recollidas na Base 2ª, apdo. c), Ata 3,5 puntos (0,5 puntos por cada liña).

d) Contribución ó desenvolvemento integral (de 0 a 6 Ptos.):

- Que formen parte dun programa de desenvolvemento máis amplo. Valorarase moi especialmente a inserción do proxecto nas estratexias públicas de desenvolvemento do país beneficiario, 4 puntos.
- Apoio ó proxecto por institucións ou Administracións públicas, 2 puntos.

e) Garantías de viabilidade, coherencia interna e sostibilidade do proxecto (de 0 a 35 Ptos.):

- Información e coherencia entre obxectivos, actividades e resultados do proxecto, 7 puntos.
- Claridade de obxectivos e da metodoloxía proposta para acadalos, 7 puntos.
- Rigoroso detalle orzamentario e coherencia del cos obxectivos do proxecto, 7 puntos.
- Inclusión de indicadores precisos e realistas que sirvan para facer o seguimento e avaliación do proxecto, 7 puntos.
- Que o proxecto conte con accións que fomenten a sostibilidade unha vez executado o mesmo, 7 puntos.

f) Poboación destinataria (de 0 a 10 Ptos.):

- Poboación beneficiaria claramente definida (identificada, cuantificada e caracterizada), 2 puntos.
- Criterios para a selección dos destinatarios, 2 puntos.
- Grao de participación nas fases do proxecto, 2 puntos.
- Inclusión dos seguintes colectivos vulnerables: infancia, muller, comunidades indíxenas e persoas refuxiadas, ata 4 puntos (1 punto por cada colectivo).

Base 12ª.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación.

12.1. Gastos subvencionables:

1. Serán gastos subvencionables os custos directos e indirectos do proxecto.

2. Entenderase por “*custos directos*” aqueles que son imprescindibles para a posta en marcha do proxecto, vinculados á execución da intervención e que financian a consecución dos obxectivos:

a) Aqueles derivados da identificación con perspectiva de xénero da intervención no terreo. Así mesmo, aqueles gastos derivados da elaboración de liñas de base, sempre que se realicen no prazo dos tres (3) primeiros meses de execución do proxecto.



Concello de Vigo

O importe máximo aplicable por este concepto non poderá superar o 6% do orzamento total do proxecto.

b) Terreos e inmobles no país de execución do proxecto (inclúe compra ou aluguer). No suposto de adquisición de bens inmobles, inclúe os gastos necesarios para a compra de terreos e inmobles e a súa inscrición legal nos rexistros locais de propiedade (impostos, taxas, gastos notariais, licenzas, etc.). Debe achegarse un certificado de tasador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial.

Non se imputarán nesta partida os gastos de aluguer ou adquisición da vivenda do persoal expatriado nin dos locais ou sedes da entidade beneficiaria ou socio local. O aluguer dos locais da entidade beneficiaria en terreo ou do socio local imputaranse, de ser o caso, na partida de funcionamento.

c) Construción e/ou reforma de inmobles e infraestruturas: inclúe a elaboración do proxecto, planos e estudos técnicos, man de obra, dirección de obra, licenzas e taxas, materiais de construción e transporte dos mesmos, obras de acceso e instalacións de auga, eléctricas e de saneamento, construción de pozos e sistemas de regadíos, etc. No caso de que a man de obra ligada a estas tarefas sexa achegada pola contraparte local ou a poboación beneficiaria, só se aceptará a súa valoración de estar acreditada de xeito suficiente a prezos de mercado local. Nos gastos imputados á construción de inmobles deberá especificarse o réxime de propiedade e a titularidade.

Non se imputarán gastos por reformas ou reparacións na vivenda do persoal expatriado nin en locais ou sedes da entidade beneficiaria ou contraparte local.

d) Equipamentos e materiais.

Considerarase equipamento e materiais inventariables a adquisición de elementos de inmovilizado, distintos a terreos e edificios, afectos á actividade subvencionada, como maquinaria, mobiliario, equipamentos informáticos (*hardware* e *software*), dotación de bibliotecas e outros equipamentos. Nese concepto inclúense os gastos derivados do envío, traslado e posta en funcionamento dos equipamentos, taxas aduaneiras ou portuarias, etc. Así mesmo, no caso de proxectos produtivos inclúese tamén a adquisición de animais, árbores, sementes etc., o seu transporte e almacenamento.

Considéranse materiais consumibles os gastos consumibles en prazos inferiores a un ano; por exemplo, material de escritorio, informático, de formación, libros, materiais didácticos, materiais sanitarios, reprografía e imprenta, reparacións e mantemento de maquinaria, utensilios, etc. Tamén se inclúen o aluguer da maquinaria, instalacións e as ferramentas necesarias para a execución da intervención.

e) Adquisición de medios de transporte de dúas rodas e de vehículos especializados e vinculados coa actividade subvencionada (ambulancias, cisternas de auga, tractores, etc).

f) Persoal:

- “*Persoal expatriado*”: é aquel persoal da entidade española sometido á lexislación española que presta os seus servizos no país onde se executa a intervención obxecto da subvención e cuxas funcións e tarefas están directamente relacionadas con aquela. Para o envío de persoas expatriadas achegarse unha memoria xustificativa da súa necesidade e marcaranse os

criterios de aptitude e cualificación requiridos para a correcta realización da acción, a duración e a descrición de tarefas.

- “*Persoal local*”: é aquel persoal da contraparte ou socio local ou contratado ó servizo do proxecto sometido á lexislación laboral do país onde se executa a intervención obxecto de subvención e no que presta os seus servizos, de acordo co réxime laboral correspondente ás súas funcións e desempeño, estando as súas funcións e tarefas directamente relacionadas coa intervención. Deberá acreditarse documentalmente o salario medio para ese tipo de contrato no país ou zona onde se execute o proxecto.
- “*Persoal en sede*”: aquel da entidade sometido á lexislación española, que presta os seus servizos no noso país, con independencia de que por razón das súas funcións teña que desprazarse, ocasional ou regularmente, ós países de execución, e cuxas funcións e tarefas están imputadas á posta en execución e seguimento da intervención obxecto da subvención. En todos os casos a imputación poderá ser total ou parcial en función da dedicación. A entidade solicitante deberá recorrer, na medida do posible, ós recursos humanos locais.

Os gastos de persoal subvencionables poderán incluír salarios, seguros sociais a cargo da entidade do persoal afecto á intervención, finiquitos (en proporción ós meses de imputación ó proxecto) así como calquera outro seguro que se subscriba a nome do persoal ou da súa familia en primeiro grao. No caso de imputar como gasto as pagas extras, deberá realizarse en proporción ós meses que o persoal está imputado ó proxecto.

Consideraránse tamen subvencionables aqueles gastos de seguros sociais de traballadores en Expedientes de Regulación Temporal de Emprego derivados da pandemia da COVID-19, sempre que estes non estean cubertos por outros financiadores. Neste caso, a entidade beneficiaria da subvención deberá xustificar que eses traballadores están imputados ó proxecto subvencionado a través dun certificado asinado pola entidade beneficiaria.

O importe máximo aplicable por este concepto non poderá superar o 70% do orzamento total do proxecto.

g) Servizos técnicos e profesionais requiridos para a realización de capacitacións, seminarios, diagnósticos, informes, publicacións, control de xestión ou outras necesidades contempladas na formulación da intervención (distintos ós de identificación, elaboración de liñas de base, avaliación e auditoría que se imputan nas súas partidas correspondentes).

Incluiranse, como achega das entidades solicitantes, os aportes valorizados do traballo do seu persoal voluntario para realizar os servizos previstos nesta partida.

Tamén se incluírán os gastos derivados de pólizas de seguros de accidente, enfermidade e de responsabilidade civil subscritos a favor do voluntariado da organización que non perciban contraprestación económica e que participen directamente nos proxectos subvencionados e calquera outro gasto no que puidesen incurrir e que estea directamente relacionado coa intervención.

As bolsas de formación que consistan no pago da matrícula ou entrega monetaria inclúense neste punto. As bolsas de transporte, alimentación ou material incluíranse no epígrafe que corresponda segundo o obxecto da bolsa.



Concello de Vigo

h) Funcionamento no terreo: gastos correntes de funcionamento no país de execución vencellados á execución do proxecto. Inclúense o aluguer de oficinas, electricidade, auga, comunicacións, papelería ou outros gastos de oficina, limpeza, mantemento e seguridade (incluídos os gastos do persoal vinculado a estas actividades), ata un máximo do 4 % do orzamento do proxecto.

i) Viaxes, aloxamento e axudas de custo. Inclúense, entre outros, os gastos vinculados á mobilidade individual ou colectiva do persoal (local, expatriado e en sede), dos/as voluntarios/as e das persoas beneficiarias, necesarios para a execución da intervención (incluíndo combustible, seguros, aluguer e mantemento de vehículos), así como o aloxamento, manutención dos participantes en formacións e capacitacións e, de ser necesarios, os incentivos (monetarios e en especie) ós beneficiarios dos proxectos que sexan membros de comités, redes ou semellantes, necesarios para a boa execución do proxecto.

j) Avaliación externa con enfoque de xénero que se contemple no documento de formulación do proxecto que acompañará á solicitude de subvención. A avaliación externa deberá ser realizada por persoa ou entidade de recoñecida experiencia en España ou no país de execución do proxecto, para o que se acreditará a súa solvencia e experiencia na realización destas avaliacións, xuntando a documentación que xustifique a mesma.

k) Auditoría contable.

l) Fondo rotatorio: enténdese por tal a cantidade económica que se emprega como empréstitos directos ou en especie ás persoas beneficiarias, que deben ser devoltos por elas nas condicións contractuais que se establezan, destinadas a garantir a súa devolución.

Achegaranse, en todo caso, as normas de funcionamento do fondo. Inclúense os gastos de funcionamento, administración e xestión do fondo.

m) Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira e os gastos rexistrados e periciais para a realización do proxecto son subvencionables sempre que estean directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan indispensables para a axeitada preparación ou execución desta e sempre que non deriven de malas prácticas ou incumprimentos legais. Gastos bancarios producidos por conta do proxecto e os gastos derivados das transferencias bancarias dos fondos ó país de execución do proxecto; os derivados da compulsa de documentos por parte de notarios, autoridades locais ou servizos consulares españois e os gastos de tradución de documentos cando se require na convocatoria.

3. “*Custos indirectos*”: son os gastos propios do funcionamento regular da entidade solicitante e da contraparte ou socio local para o sostemento da execución do proxecto, así como da difusión da execución e do seguimento do proxecto. A porcentaxe máxima aplicable a este concepto será de ata o 10% do importe total do orzamento do proxecto.

Estes gastos imputaranse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda, de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptadas e, en todo caso, na medida en que tales importes correspondan ó período en que efectivamente se realiza a actividade.

O dito gasto imputarase dentro do período de execución da intervención e será acreditado perante o Concello de Vigo pola entidade solicitante mediante unha declaración responsable da persoa que ostente a representación legal.

4. Aceptaranse, por parte da entidade solicitante, as achegas en especie ou as valorizacións nos seguintes conceptos:

a) Aqueles derivados da identificación con perspectiva de xénero da intervención no terreo. Así mesmo, aqueles gastos derivados da elaboración de liñas de base, sempre que se realicen no prazo dos tres (3) primeiros meses de execución do proxecto.

b) Persoal voluntario: deberase presentar unha estimación xustificada das horas de traballo voluntario que se achegan en cada actividade e o custo suposto (que non deberá exceder de 20 €/hora). Todo traballo voluntario realizarase baixo a forma de contrato privado, no que se especifiquen as responsabilidades, deberes e dereitos de cada unha das partes, destacando o papel do/a voluntario/a no proxecto. No contrato debe constar o nome, apelidos e documento de identidade da persoa voluntaria.

5. Como “*achegas locais*” pódense aceptar, en concepto de gastos susceptibles de axuda, valorizacións, sempre que estean suficientemente acreditadas e intrinsecamente vinculadas, de maneira exclusiva ou proporcional, á intervención que ten que desenvolverse.

Para estes efectos, considéranse “*valorizacións*” as achegas de terreos, locais, equipamentos, materiais e servizos por parte da poboación beneficiaria final, socios locais e outras entidades locais distintas das beneficiarias, así como tamén a man de obra das persoas beneficiarias finais directamente vinculadas á execución das actividades orzamentadas e que, en caso de terreos, locais ou equipamentos, vaian ser transferidas definitivamente cando acabe a execución, xunto co resto de bens adquiridos con cargo ó proxecto obxecto de axuda. Tamén poden valorarse os bens, persoal voluntario da contraparte ou socio local e os locais postos temporalmente a disposición da execución directa do proxecto, por un importe equivalente ó aluguer destes durante o tempo no que sexan utilizados dentro do prazo de execución.

As valorizacións acreditaranse cun certificado da contraparte ou socio local, da poboación beneficiaria final do proxecto ou da entidade que achegue os bens e servizos.

Neste certificado, ou nun documento anexo, describirase e cuantificarase a achega, con indicación do número de unidades, horas de traballo, prezos unitarios (se corresponde) e a valoración total.

As valorizacións axustaranse ós prezos de mercado local e, no caso de equipamentos e bens, deben ter en conta a antigüidade.

6. No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, deberán quedar formalmente vinculados, durante dez (10) anos os bens inscribibles nun rexistro público e durante cinco (5) anos o resto de bens, ós fins das actuacións realizadas.

Unha vez rematen estas, deberán ser transferidos a unha Administración pública do país beneficiario ou a unha contraparte local que se faga responsable da súa utilización para o fin creado e do seu correcto mantemento. Tal cesión deberá documentarse a través de escritura pública.

No suposto dos bens inscribibles nun rexistro público, deberase facer constar na escritura pública a circunstancia da afectación e o período polo que se afectan os bens, debendo ser obxecto estes



Concello de Vigo

extremos de inscrición no rexistro publico correspondente. O Concello de Vigo deberá autorizar previamente tal cesión.

O incumprimento da obriga de destino, que se producirá en todo caso co alleamento ou o gravame do ben, será causa de reintegro, nos termos establecidos na lei.

12.2. En ningún caso serán gastos subvencionables:

- Os elementos de transporte externos, a excepción dos vehículos de dúas rodas e vehículos especializados como ambulancias, cisternas de auga, tractores, etc.
- Os gastos de aluguer ou adquisición da vivenda do persoal expatriado
- Os xuros debedores das contas bancarias
- Os xuros, recargas e sancións administrativas e penais de procedementos xudiciais
- As amortizacións de bens inventariables
- Os gastos en atencións protocolarias (xantares, festas, recepcións, regalos, froes, entradas a espectáculos, etc.)
- Os billetes de avión en primeira ou en clase preferente
- As liquidacións por despido do persoal.

Base 13ª.- PRAZO DE REALIZACIÓN

Os proxectos deberán estar rematados no ano 2022 e xustificados os gastos nos termos previstos nestas Bases.

Base 14ª.- COMPATIBILIDADES

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para o mesmo fin procedentes doutras Administracións ou entes públicos nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o 95% do custo do proxecto. O 5% do gasto total do proxecto presentado deberá ser financiado exclusivamente pola entidade, contraparte local, outras Administracións públicas e/ou os/as beneficiarios/as.

No caso de que as achegas públicas superasen o 95% do custo do proxecto, a entidade beneficiaria deberá proceder ó reintegro da contía concedida polo Concello de Vigo na cantidade que exceda esa porcentaxe.

Base 15ª.- MODIFICACIÓN DO CONTIDO DO PROXECTO

Unha vez recaída a resolución de concesión, a entidade beneficiaria poderá solicitar a modificación do contido do proxecto sempre que responda a causas sobrevidas debidamente xustificadas e se cumpran de xeito acumulativo os seguintes requisitos:

- Non puideran terse en conta no momento da presentación deste.
- Respecten o seu contido esencial aínda que alteren a súa realización nalgún aspecto.
- Se presenten inmediatamente despois de producidas e coñecidas e, en todo caso, antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

Será necesaria a autorización previa e expresa do Concello de Vigo para calquera modificación do proxecto. As solicitudes de modificación deberán estar suficientemente motivadas e ser autorizadas pola Xunta de Goberno Local ou, por delegación deste órgano, na Concelleira de Política de Benestar Social, dando conta ó órgano delegante.

Base 16ª.- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN

A aceptación da subvención concedida por parte das entidades beneficiarias deberá efectuarse expresamente no prazo de 10 días, contado desde o seguinte ó da notificación da resolución. Transcorrido este sen que se teña producido manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

Base 17ª.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

Tendo en conta as características dos proxectos subvencionados (enmarcables nas axudas de cooperación ó desenvolvemento) e das propias entidades beneficiarias, realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención “sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida” («Réxime especial das axudas en materia de cooperación exterior»).

De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións e a propia Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, non será esixible a constitución de garantías.

Base 18ª.- XUSTIFICACIÓN DO GASTO

18.1. A xustificación do gasto no ano 2022 realizarase mediante a presentación dun informe de seguimento integrado polos seguintes documentos:

- a) Certificación da persoa que ostente a representación legal da entidade acreditativa da execución do proxecto de conformidade co previsto e da aplicación dos fondos ó fin predeterminado.
- b) Informe sobre o estado de execución do proxecto, que deberá estar asinado pola persoa responsable da xestión técnica-económica do proxecto.

18.2. Para a xustificación final do proxecto e co fin de acreditar a realización total das actividades así como a finalidade para a que se concedeu a subvención, a entidade beneficiaria deberá presentar un informe final que constará de dúas partes:

1ª) Xustificación técnica. Indicará co máximo detalle os obxectivos acadados, os resultados obtidos, as actividades realizadas, o proceso de transferencia e a xestión das intervencións tra-la súa finalización, así como a análise da súa sustentabilidade futura.

2ª) Xustificación económica. Comprenderá toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida e se realizará mediante a forma de conta xustificativa, que incluírá a declaración das actividades realizadas e o seu custo, coa desagregación de cada un dos gastos realizados.



Concello de Vigo

A xustificación técnica incluirá:

- Certificación da persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria acreditativa da total realización do proxecto e da aplicación dos fondos ó fin destinado.
- Informe final de execución sobre os obxectivos, actividades e resultados acadados polo proxecto. Deberá estar asinado pola persoa responsable da xestión técnico-económica do proxecto.
- Avaliación externa, de ser o caso.

A xustificación económica comprenderá toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida. A conta xustificativa poderá ser:

1. Conta xustificativa con achega de xustificantes de gastos, que incluirá:

a) Certificación dos gastos polo importe total do proxecto, distribuída por partidas orzamentarias e na que se indiquen as distintas fontes de financiamento, asinada pola persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria.

b) Declaración responsable do representante legal da entidade, complementaria e actualizada, doutras axudas solicitadas, pendentes de resolución, outorgadas ou recibidas para o proxecto subvencionado, segundo o modelo que figura como ANEXO II.

c) Relación de todos os gastos efectuados, con indicación da data e do número da factura ou do documento xustificativo do gasto, identificación do emisor das mesmas, data e forma de pagamento e descrición do gasto co seu importe en moeda local e o seu equivalente en euros.

d) Facturas ou documentos xustificativos dos gastos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.

2. Conta xustificativa con entrega de informe de auditor/a, que incluirá:

a) Certificación dos gastos polo importe total do proxecto, distribuída por partidas orzamentarias e na que se indiquen as distintas fontes de financiamento, asinada pola persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria.

b) Declaración responsable do representante legal da entidade, complementaria e actualizada, doutras axudas solicitadas, pendentes de resolución, outorgadas ou recibidas para o proxecto subvencionado, segundo o modelo que figura como ANEXO II.

c) Relación de todos os gastos efectuados, con indicación da data e do número da factura ou do documento xustificativo do gasto, identificación do emisor das mesmas, data e forma de pagamento e descrición do gasto co seu importe en moeda local e o seu equivalente en euros.

d) Informe do/a auditor/a de contas, que deberá estar inscrito/a como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC) no caso de ser realizada por persoal sometido á lexislación española.

No caso de que o informe sobre a conta xustificativa por parte dun/ha auditor/a de contas se produza no estranxeiro, poderá ser realizada por auditores/as exercentes no país onde se leve a cabo, sempre que no país de referencia exista un réxime de habilitación para o exercicio da actividade de auditoría de contas. De non existir, o informe poderá ser realizado por un/ha auditor/a establecido/a no mesmo, sempre que a súa designación a leve a cabo o órgano concedente, ou sexa ratificada por este a proposta do beneficiario, consonte cuns criterios técnicos que garantan a adecuada calidade.

A presentación da auditoría coma forma xustificativa do gasto non exime á entidade beneficiaria da subvención do mantemento do soporte documental de acordo cos prazos estipulados pola normativa aplicable.

18.3. De xeito excepcional, para aquelas actuacións cuxa execución se vexa afectada por contextos sobrevenidos de desastres naturais, conflito armado, pandemias ou crises humanitarias que dificulten ou mesmo imposibiliten dispor da adecuada documentación soporte xustificativa do gasto, poderase aplicar un procedemento extraordinario de xustificación económica, previa comunicación e autorización do órgano xestor, consistente na entrega dunha declaración responsable da entidade beneficiaria da subvención na que se certifique o envío dos fondos e a realización da intervención concreta, sen que sexa preciso achegar máis xustificantes.

18.4. Cando no proxecto concorran diversas subvencións e axudas procedentes doutras Administracións, a entidade beneficiaria terá que xustificar perante o Concello de Vigo o importe do gasto subvencionado, ademais das achegas propias e de terceiros financiadores que no sexan Administración pública.

En relación coas achegas doutras Administracións públicas, unicamente terá que acreditarse a aplicación dos fondos ás actividades previstas, para o que será suficiente a acreditación mediante certificados que emitan as outras Administracións públicas que financiaron o proxecto.

No caso de non xustificar a totalidade do proxecto o importe da subvención concedida reducirase na mesma proporción na que se reduza a cantidade xustificada a respecto do orzamento total presentado. O importe resultante poderá ser devolto de forma voluntaria consonte co establecido nestas Bases.

18.5. No suposto de adquisición de bens inmoables, deberá achegarse certificado de tasador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial.

18.6. A entidade beneficiaria terá que conservar todos os comprobantes de gasto durante un período de catro (4) anos dende a presentación da xustificación final do proxecto. Os xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo e dos órganos de control establecidos pola normativa vixente para que poidan realizar as actuacións de comprobación e fiscalización que procedan.

A beneficiaria deberá facilitar, de ser o caso, a información complementaria que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.



Concello de Vigo

18.7. Se a xustificación, parcial ou total, dos proxectos non estivese completa ou presentase defectos, para a emenda dos mesmos e para a entrega da documentación complementaria requirida polo órgano que efectuase a revisión, establécese un prazo de 15 días que poderá ser ampliado xustificadamente polo Concello polo tempo mínimo necesario atendendo ás especiais dificultades de obtela no país de execución do proxecto e de enviala a España.

As consecuencias do posible incumprimento dos prazos de xustificación por parte das entidades beneficiarias serán as previstas expresamente no Art. 70.3 do RD.887/2006, do 21 de xuño (Regulamento da Lei xeral de subvencións).

18.8. O Informe de seguimento e a demais documentación relacionada na Base 18ª, Apdo. 18.1, deberá presentarse antes do 01 de novembro de 2022. A xustificación final do proxecto, co informe final e a xustificación técnica e económica prevista na Base 18ª, Apdo. 18.2, poderá presentarse dentro do 1º trimestre do ano seguinte.

Base 19ª.- OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

Serán obrigas das entidades beneficiarias as sinaladas especificamente nos artigos 11 da LSG e 14 da LXS e as demais previstas na restante normativa aplicable.

As entidades beneficiarias obríganse a dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento municipal do proxecto en todas as actividades e comunicacións que realicen (previa conformidade da Concellería de Política de Benestar Social), facendo constar nos materiais de difusión e publicidade o apoio do Concello de Vigo e comprometéndose á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista.

Deberán incorporar de forma visible en todas as accións derivadas do proxecto subvencionado (placas, letreiros, carteis, publicacións, material de difusión, publicidade, etc.) os logotipos oficiais do Concello de Vigo – Concellería de Política de Benestar Social, todo isto en formato duradeiro e material resistente, para a debida difusión da orixe da subvención. Cando a organización financiada exhiba o seu propio logotipo, o do Concello de Vigo deberá figurar co mesmo tamaño e en iguais condicións de seguridade.

Así mesmo, as entidades beneficiarias comprométense a presentar perante o «Consello sectorial de Cooperación Internacional e Solidariedade» os proxectos financiados así como a colaborar e participar, a requirimento municipal, nos actos públicos de presentación e explicación dos proxectos subvencionados que se poidan organizar a fin de acadar unha maior visibilidade da importancia da cooperación internacional desde os concellos e o papel activo asumido polo Concello de Vigo.

Base 20ª.- REINTEGRO POR INCUMPRIMENTO

As entidades beneficiarias que incorresen en falsidade ou ocultación de datos ou non acreditasen, total ou parcialmente, o bo fin das cantidades percibidas, deberán proceder ó reintegro da totalidade das mesmas no caso de incumprimento pleno ou á parte proporcional no caso dunha falta parcial de xustificación, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades administrativas ou penais que procedan.

Así mesmo, deberán reintegrar as subvencións nos demais supostos de reintegro previstos nestas Bases reguladoras e na demais normativa de aplicación.

Base 21ª.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, os datos das entidades beneficiarias e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión destas subvencións a proxectos de cooperación internacional ó desenvolvemento, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades beneficiarias e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial aplicable. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Base 22ª.- REMISIÓN NORMATIVA

En todo aquilo non previsto nestas Bases, será de aplicación a L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como os do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo vixentes, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. Terase en conta tamén, como marco xeral de referencia, o RD.794/2010, do 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional que se concedan pola Admón. do Estado.

BASE 23ª.- RECURSOS

Contra estas Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.



Concello de Vigo

3(1044).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DUN COMPRESOR DE AIRE E RAMPLA DE CARGA PARA OS EQUIPOS AUTÓNOMOS DE RESPIRACIÓN, COLCHÓN DE RESCATE EN SALVAMENTO EN ALTURA E BOMBAS DE ACHIQUE PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6504/213.

Visto o informe de fiscalización do 19/11/2021, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data do 18/11/2021, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro dun compresor de aire e rampla de carga para os equipos autónomos de respiración, colchón de rescate en salvamento en altura e bombas de achique para o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.504-213)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro dun compresor de aire e rampla de carga para os equipos autónomos de respiración, colchón de rescate en salvamento en altura e bombas de achique para o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.504-213)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 30 de setembro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para o subministro dun compresor de aire e rampla de carga para os equipos autónomos de respiración, colchón de rescate e bombas de achique para o Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 14 de setembro de 2021.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data de 14 de setembro.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 88.400,00 euros, do que 15.342,15€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13606290003 “ Adquisición dun compresor de aire e rampla de carga para os equipos autónomos de respiración, colchón de rescate e bombas de achique ” do presuposto municipal vixente.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 28 de outubro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro dun compresor de aire e rampla de carga para os equipos autónomos de respiración, colchón de rescate en salvamento en altura e bombas de achique para o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.504-213) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 “Compresor de aire e rampla de carga para as botellas de aire comprimido”:

| | Licitador | Prezo |
|---|--|--------------|
| 1 | SERVICIOS TÉCNICOS Y DE INGENIERÍA AS PONTES, S.L. | 38.980,00 € |
| 2 | AIRBOX, S.A. | 42.720,00 € |

- Lote 2 “Colchón de rescate en altura”:

| | Licitador | Prezo |
|---|--------------------------------|--------------|
| 1 | INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. | 16.355,00 |

- Lote 3 “8 Bombas de achique”:

| | Licitador | Prezo |
|---|------------------|--------------|
| 1 | AXATON, S.L. | 11.392,00 |

Segundo.- Requirir aos licitador clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, SERVICIOS TÉCNICOS Y DE INGENIERÍA AS PONTES, S.L. (B-70.250.055) (lote 1), INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. (B-85.885.812) (lote 2) e AXATON, S.L. (B-91.586.529) (lote 3), para que presenten, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento a seguinte documentación:

1. SERVICIOS TÉCNICOS Y DE INGENIERÍA AS PONTES, S.L. (lote 1): deberán presentar a escritura de constitución cos estatutos, poder de representación, declaración de non estar incurso en prohibición de contratar (cláusula 22.1.3º do PCAP) e a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP:



Concello de Vigo

- *Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.*
- *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.*
- *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*

** Consultado o Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público consta un nome social diferente ao da empresa licitadora.*

2. *INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. (lote 2): deberá presentar a escritura de constitución cos estatutos (se ben figura inscrita no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público consta un obxecto social diferente ao do obxecto do contrato - cláusula 22.1.3º do PCAP) e a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP:*

- *Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.*
- *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.*
- *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*

3. *AXATON, S.L. (lote 3) dado que figura inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público deberá presentar unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP:*

- *Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.*
- *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.*
- *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV”.*

Terceiro.- Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, SERVICIOS TÉCNICOS Y DE INGENIERÍA AS PONTES, S.L. (B-70.250.055) (lote 1), INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. (B-85.885.812) (lote 2) e

AXATON, S.L. (B-91.586.529) (lote 3), o día 28 de outubro de 2021, que presentan a documentación requirida dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación na sesión do 11 de novembro de 2021 considerou correcta a documentación presentada por INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. no lote 2 e AXATON, S.L. no lote 3 e incompleta a documentación de SERVICIOS TÉCNICOS Y DE INGENIERÍA AS PONTES, S.L. no lote 1 polo que acordou, por unanimidade, conceder a SERVICIOS TÉCNICOS Y DE INGENIERÍA AS PONTES, S.L. un prazo de tres días para que puidese acreditar correctamente a solvencia técnica de conformidade cos requisitos recollidos na cláusula 8.4.4º do PCAP.

O licitador presentou nova documentación o 12 de novembro de 2021, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 11 de novembro de 2021 revisou a documentación presentada por SERVICIOS TÉCNICOS Y DE INGENIERÍA AS PONTES, S.L., sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

As ofertas máis vantaxosas para a administración contratante son as formuladas por SERVICIOS TÉCNICOS Y DE INGENIERÍA AS PONTES, S.L. (lote 1), INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. (lote 2) e AXATON, S.L. (lote 3), de conformidade co acordo da Mesa de Contratación de data 28 de outubro de 2021 polo que se ordenan por orde de menor a maior prezo as proposicións presentadas de conformidade co previsto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP.



Concello de Vigo

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

- *“Adxudicar a SERVICIOS TÉCNICOS Y DE INGENIERÍA AS PONTES, S.L. (B-70.250.055) o lote 1 “Compresor de aire e rampla de carga para as botellas de aire comprimido” do procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro dun compresor de aire e rampla de carga para os equipos autónomos de respiración, colchón de rescate en salvamento en altura e bombas de achique para o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.504-213) por un prezo total de 47.165,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.185,80 euros.*
- *Adxudicar a INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. (B-85.885.812) o lote 2 “Colchón de rescate en altura” do procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro dun compresor de aire e rampla de carga para os equipos autónomos de respiración, colchón de rescate en salvamento en altura e bombas de achique para o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.504-213) por un prezo total de 19.789,55 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.434,55 euros.*
- *Adxudicar a AXATON, S.L. (B-91.586.529) o lote 3 “8 Bombas de achique” do procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro dun compresor de aire e rampla de carga para os equipos autónomos de respiración, colchón de rescate en salvamento en altura e bombas de achique para o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.504-213) por un prezo total de 13.784,32 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.392,32 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1045).- RECOÑECER O DEREITO DE INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L. A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERDAS CAUSADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS AUXILIARES NECESARIOS PARA O

FUNCIONAMENTO DUN AULA DE ESTUDIO NO EDIFICIO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS. EXPTE. 6470/241.

Visto o informe de fiscalización do 17/11/2021, dáse conta do informe-proposta do 12/11/2021, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSF).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.
- Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da Fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.



Concello de Vigo

- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 11 de maio de 2020, do vixésimo noveno paquete de medidas do COVID-19.

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 24 de abril de 2020, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun Aula de estudio sita no Edificio Auditorio-Pazo de Congresos (expediente 23062/332) formalizado con “INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L” como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.

2º.- A suspensión terá efectos desde o 16 de marzo de 2020, data na que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.”

Segundo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do 11 de xuño de 2020, acordou:

“1º.- Reanudar a execución total do contrato de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun Aula de estudio sita no Edificio Auditorio-Pazo de Congresos (expediente 23062-332), o luns 15 de xuño de 2020, nas condicións establecidas polas autoridades sanitarias competentes, así como adoptar as medidas necesarias previas á apertura ao público das instalacións.”

Terceiro.- O 29 de xuño de 2020, INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L (empresa adxudicataria do contrato) presenta no Rexistro do Concello de Vigo escrito de solicitude de indemnización dos danos e perdas a consecuencia da suspensión do contrato administrativo de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun Aula de estudio sita no Edificio Auditorio-Pazo de Congresos (expediente 23062/332), de acordo co establecido no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, por un importe total de 1681,61 euros. Complementa esta solicitude coa presentación de nova documentación o 10 de marzo de 2021, e o 28 de outubro de 2021.

Cuarto.- En data 5 de novembro de 2021 a xefa do Servizo de Educación informa o seguinte:

“Con data 29 de abril de 2020, Integra Mantemento, Xestión e Servizos Integrados Centro Especial Emprego Galicia, S.L. presenta no Rexistro Electrónico do Concello de Vigo solicitude de indemnización (doc 200114669) como anticipo a conta do importe estimado da indemnización con motivo da suspensión do contrato de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun Aula de estudio sita o Edificio Auditorio -Pazo de Congressos (expdte 23062/332), do que é adxudicataria. Posteriormente, en datas 10 de marzo de 2021 e 28 de outubro de 2021, a mesma empresa presenta documentación complementaria desta solicitude, documentos 210039269 e 210217244, repectivamente.

En relación ao solicitado:

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do 1 de outubro de 2019, adxudicou a INTEGRMA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO o Contrato de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun Aula de estudio sita o Edificio Auditorio -Pazo de Congressos (expdte 23062/332).

O contrato formalizouse en data 22-11-2019 e ten unha adenda de data 19-12-2019. O prazo do mesmo é de 2 anos, estando previsto a posibilidade de 3 prorrogas de un ano de duración cada unha.

Polo seu obxecto é un contrato de servizos segundo o previsto no artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

2.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 24 de abril de 2020, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun Aula de estudio sita no Edificio Auditorio-Pazo de Congressos (expediente 23062/332) formalizado con “INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L” como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.

2º.- A suspensión terá efectos desde o 16 de marzo de 2020, data na que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.”

3.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do 11 de xuño de 2020, acordou:

“1º.- Reanudar a execución total do contrato de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun Aula de estudio sita no Edificio Auditorio-Pazo de Congressos (expediente 23062-332), o luns 15 de xuño de 2020, nas condicións establecidas polas autoridades sanitarias competentes, así como adoptar as medidas necesarias previas á apertura ao público das instalacións.”



Concello de Vigo

4.- O Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19", no seu artigo 34, establece que:

"Los daños y perjuicios por los que el contratista podrá ser indemnizado serán únicamente los siguientes:

1.º Los gastos salariales que efectivamente hubiera abonado el contratista al personal que figurara adscrito con fecha 14 de marzo de 2020 a la ejecución ordinaria del contrato, durante el período de suspensión.

2.º Los gastos por mantenimiento de la garantía definitiva, relativos al período de suspensión del contrato.

3.º Los gastos de alquileres o costes de mantenimiento de maquinaria, instalaciones y equipos relativos al periodo de suspensión del contrato, adscritos directamente a la ejecución del contrato, siempre que el contratista acredite que estos medios no pudieron ser empleados para otros fines distintos durante la suspensión del contrato.

4.º Los gastos correspondientes a las pólizas de seguro previstas en el pliego y vinculadas al objeto del contrato que hayan sido suscritas por el contratista y estén vigentes en el momento de la suspensión del contrato.

No apartado 8 do dito artigo 34 engade: " A los efectos de lo señalado en el presente artículo, los gastos salariales a los que en él se hace alusión incluirán los relativos a las cotizaciones a la Seguridad Social que correspondieran."

5.- Na solicitude de indemnización, Integra Mantemento, Xestión e Servizos Integrados Centro Especial Emprego Galicia, S.L. achega documentación acreditativa do pago dos gastos salariais dos traballadores incluídos na relación de persoal adscrito ao contrato presentada o 13-04-2020, (doc W427784-7717), relativos ao periodo comprendido entre o 16 e o 31 de marzo de 2020, solicitando o pago da cantidade de 1.681,61 €.

Así mesmo, o representante da empresa declara responsablemente en data 27 de outubro de 2021 "Que la cantidad reclamada corresponde a sólo los gastos incurridos por la empresa y que son resarcibles de acuerdo con el artículo 34 de la Real Decreto 8/2020, de 17 de marzo, sin gastos indemnizables del período entre los días 01/04/2020 y 14/06/2020."

Unha vez analizada a documentación aportada coa que a funcionaria que subscribe manifesta a súa conformidade, e tendo en conta a declaración responsable do representante da empresa, estimase procedente indemnizar a Integra Mantemento, Xestión e Servizos Integrados Centro Especial Emprego Galicia, S.L pola suspensión do contrato de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun Aula de estudio sita o Edificio Auditorio -Pazo de Congresos (expdte 23062/332) polos gastos indemnizables polo periodo comprendido entre o 16 e o 31 de marzo de 2020, (dado que no periodo entre 01/04/2020 e o 14/06/2020 non se produciron gastos indemnizables conforme

ao artigo 34 Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo) polo importe reclamado na solicitude de indemnización :

Gastos salariais: 14/06/2020
1.681,61 € (periodo 16 ao 31/03/2020)

1.681,61€ TOTAL

Esta cantidade aplicarase a partida orzamentaria 3231.2279902 "Funcionamento aula de estudos Beiramar".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

RECOÑECEMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERDAS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO COMO CONSECUCENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19

No artigo 34 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución debeña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. Para estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

Asemade cando se produza a suspensión dun contrato público, a entidade adxudicadora deberá aboar ao contratista os danos ou prexuízos efectivamente sufridos por este durante o período de suspensión, previa solicitude e acreditación fidedigna da súa realidade, efectividade e contía polo contratista.

Os danos e perdas polos que o contratista poderá ser indemnizado serán unicamente os seguintes:

1.º Os gastos salariais que efectivamente abonara o contratista ao persoal que figurara adscrito na data 14 de marzo de 2020 á execución ordinaria do contrato, durante o período de suspensión. Ditos gastos incluírán os relativos ás cotizacións de Seguridade Social que corresponderan.

En caso de que entre o persoal que figurara adscrito á execución ordinaria do contrato na data 14 de marzo de 2020, durante o período de suspensión, se atope persoal afectado polo permiso retribuído recuperable previsto no Real Decreto Lei



Concello de Vigo

10/2020, de 29 de marzo, o abono pola entidade adxudicadora dos correspondentes gastos salariais terá o carácter de abono a conta pola parte correspondente ás horas que sexan obxecto de recuperación nos términos do artigo 3 de dito Real Decreto Lei, a ter en contra na liquidación final do contrato.

2.º Os gastos por mantemento da garantía definitiva relativos ao período de suspensión do contrato.

3.º Os gastos de alugueres ou custos de mantemento de maquinaria, instalacións e equipos relativos ao período de suspensión do contrato, adscritos directamente á execución do contrato, sempre que o contratista acredite que estes medios non puideron ser empregados para outros fins distintos durante a suspensión do contrato.

4.º Os gastos correspondentes ás pólizas de seguro prevista no prego e vinculadas ao obxecto do contrato subscribas polo contratista e que estean vixentes no momento da suspensión do contrato.

Dita indemnización soamente procederá cando o órgano de contratación, a instancia do contratista apreciara a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Non se aboarán indemnizacións por extinción ou suspensión dos contratos de traballo nin o 3 por 100 do prezo das prestacións que deberá haber executado o contratista durante o período de suspensión consonte ao previsto no programa de traballo ou no propio contrato.

-II-

PROCEDIMENTO PARA O RECOÑECIMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERXUIZOS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19

No devandito artigo 34 do RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, régúlase o seguinte procedemento para o recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perxuízos causados pola suspensión da execución do contrato como consecuencia do coronavirus COVID-19 :

1.- Solicitud: o contratista deberá solicitar a declaración de imposibilidade de execución ao órgano de contratación reflectindo as razóns polas que a execución do contrato deveu imposible; o persoal, as dependencias, os vehículos, a maquinaria, as instalacións e os equipos adscritos á execución do contrato nese momento; e os motivos que imposibilitan o emprego polo contratista dos medios citados noutro contrato.

2.- Declaración de imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19: o órgano de contratación a instancia do contratista deveu apreciar a imposibilidade de execución como consecuencia do COVID-19 e, en consecuencia a suspensión da execución do contrato.

3.- Resolución: o órgano de contratación resolverá a solicitude de indemnización formulada polo contratista no prazo máximo de tres meses contados desde a data de entrada da solicitude no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, elo de conformidade co artigo 21.3 da Lei 39/2015, de 1 de

outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O transcurso de dito prazo sen que a Administración resolva determinará a desestimación da solicitude por silencio. Non entanto, a Administración poderá adoptar unha resolución expresa posterior ao vencemento do prazo non vinculada ao sentido do silencio, tal e como dispón o artigo 24.3.b) da LPAC.

O dereito a reclamar a indemnización prescribe ao ano contado desde que o contratista recibe a orde de reanudar a execución do contrato consonte ao artigo 208.2.c) da LCSP.

Nos contratos de servizos e de subministracións de prestación sucesiva que estean suspendidos o órgano de contratación poderá conceder a instancia do contratista un anticipo a conta do importe estimado da indemnización que lle puidera corresponder. O abono do anticipo poderá realizarse nun solo pagamento ou mediante pagamentos periódicos. Este importe anticipado descontarase, no seu momento, da liquidación definitiva dos danos e perdas ocasionados pola suspensión do contrato.

No caso que nos ocupa o contratista presenta solicitude de indemnización do período 16 de marzo ao 14 de xuño de 2020.

A solicitude presentada polo contratista en relación ao recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato cumpre cos requisitos esixidos na normativa aplicable e foi informada favorablemente polo servizo xestor.

En consecuencia, tendo en conta que a indemnización solicitada encaixa nos supostos indemnizables recollidos no artigo 34.1 do RD 8/2020 (“Los gastos salariales que efectivamente hubiera abonado el contratista al personal que figurara adscrito con fecha 14 de marzo de 2020 a la ejecución ordinaria del contrato, durante el período de suspensión”) e que a xefa do Servizo de Educación expresa no seu informe de data 5 de novembro de 2021 a súa conformidade coa documentación achegada polo contratista, sen prexuízo do que resulte da fiscalización previa da Intervención Xeral, procede acordar o recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun Aula de estudio sita o Edificio Auditorio -Pazo de Congresos (expdte 23062/332) formalizado con Integra Mantemento, Xestión e Servizos Integrados Centro Especial Emprego Galicia, S.L, declarada mediante acordo da Xunta de Goberno local de data 24 de abril de 2020 con efectos desde o 16 de marzo de 2020 ata ao 14 de xuño de 2020, por importe de 1.681,61 euros.

-III-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao anterior, se propón á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Concello de Vigo

ACORDO

“1º.- Recoñecer o dereito de Integra Mantemento, Xestión e Servizos Integrados Centro Especial Emprego Galicia, S.L. a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun Aula de estudio sita o Edificio Auditorio -Pazo de Congressos (expdte 23062/332), declarada mediante acordo da Xunta de Goberno local de data 24 de abril de 2020 con efectos desde o 16 de marzo de 2020 ata o 14 de xuño de 2020, por importe de 1681,61 euros, en concepto de gastos salariais abonados efectivamente polo contratista ao persoal adscrito á execución ordinaria do contrato.

2º.- Esta contía imputarase á aplicación orzamentaria 3231.2279902 "Funcionamento aula de estudos Beiramar".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1046).- INDEMNIZACIÓN A FCC AQUALIA, S.A. POLOS DANOS E PERDAS CAUSADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DOS SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSINANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE. 6623/241.

Visto o informe de fiscalización do 19/11/2021, dáse conta do informe-proposta do 18/11/2021, asinado pola técnica de Admón. Xeral, xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Real decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSP)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Orde do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto 26/2021, do 15 de febreiro, do Presidente da Xunta de Galicia
- Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 4 de xuño de 2019, acordou adxudicar a FCC AQUALIA, S.A. o contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da concellería de deporte. O contrato formalizouse o 27 de xuño de 2019.

Segundo.- A Xunta de Goberno local, na sesión extraordinaria do 9 de abril de 2020, acordou o seguinte:

“1º.- Declarar a imposibilidade parcial de execución do contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da concellería de deporte (expediente nº 2496-611) formalizado con “FCC AQUALIA, S.A” como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19 e, en consecuencia prodúcese:

- *A suspensión total da parte variable do contrato afectando ás actividades docentes: monitores, profesores e coordinadores.*
- *A suspensión parcial da parte fixa do contrato afectando ós servizos de recepcionistas, socorrismo e ao 50 % do servizo de limpeza.*

Continúase coa prestación dos servizos de dirección, mantemento técnico, subministros enerxéticos e o 50% do servizo de limpeza vinculados ás instalacións públicas.

2º.- A suspensión terá efectos desde o 14 de marzo de 2020, excepto a suspensión parcial do servizo de limpeza que terá efectos desde o 2 de abril de 2020, datas nas que se produciu a situacións de feitos que impiden a súa prestación e ata que poidan reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.”

Terceiro.- En data 11 de xuño de 2020, a Xunta de Goberno local acordou:



Concello de Vigo

“1º.- Reanudar a execución da parte fixa do contrato dos “SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSINANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTE” (expte: 2496-611) afectando ós servizos de recepcionistas, socorrismo e ao 50 % do servizo de limpeza, o luns 15 de xuño de 2020, manténdose a suspensión total da parte variable do contrato afectando ás actividades docentes: monitores, profesores e coordinadores.”

Cuarto.- En data 24 de setembro de 2020, a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Reanudar a execución da parte variable do contrato dos “SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSINANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTE” (expte: 2496-611) o día 25 de setembro de 2020 os postos de coordinadores e o día 1 de outubro de 2020 os profesores e monitores.”

Quinto.- A Xunta de Goberno local, na sesión ordinaria do 23 de decembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Autorizar o abono a conta a FCC AQUALIA, S.A, da indemnización de danos e prexuízos consecuencia da suspensión parcial da execución do contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da concellería de deporte (expediente nº 2496-611), declarada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de abril, dende o 14 de marzo o 15 de xuño de 2020. A indemnización correspondente ó período citado é de 152.556,23 euros, o cal se desagrega nos seguintes conceptos:

- *Gastos salariais abonados efectivamente polo contratista ao personal adscrito á execución ordinaria do contrato: 150.656,99 euros*
- *Gastos por mantemento da garantía definitiva: 453,20 euros*
- *Gastos correspondentes ás pólizas de seguro previstas no prego e vinculadas ao obxecto do contrato vixentes no momento da suspensión do contrato: 1.446,04 euros”*

2º.- O abono a cuenta imputarase ás seguintes aplicacións orzamentarias:

| | | | | importe indemnización euros: |
|----------------------|---------------------------|---------|--------------|------------------------------|
| Partida orzamentaria | Coste variable monitores | | AD | 152.556,23 |
| 3420 2279904 | MONITORES XIMNASIO BERBES | 10,00 % | 202000007205 | 15.255,62 |

| | | | | |
|--------------|-----------------------------|---------|--------------|------------|
| 3420 2279905 | MONITORES XIMNASIO CARME | 11,33 % | 202000007206 | 17.284,62 |
| 3420 2279908 | MONITORES PISCINA TRAVESAS | 32,05 % | 202000007207 | 48.894,27 |
| 3420 2279909 | MONITORES PISCINA LAVADORES | 21,45 % | 202000007208 | 32.723,31 |
| 3420 2279910 | MONITORES PISCINA TEIS | 16,15 % | 202000007209 | 24.637,83 |
| 3420 2279913 | MONITORES PISCINA VALADARES | 9,02 % | 202000007210 | 13.760,57 |
| total | | 100% | | 152.556,23 |

Sexto.- A Xunta de Goberno local, na sesión ordinaria do 8 de abril de 2021, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Autorizar a liquidación definitiva da indemnización de danos e perdas a consecuencia da suspensión da execución do contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deporte, polo período do 1 de xullo ó 30 de setembro de 2020, por importe de 78.548,32 euros.

2º.- A indemnización imputarase ás seguintes aplicacións orzamentarias:

| Partida orzamentaria | Coste variable monitores | | OPERACION CONTABLE (n.º ADREM) | importe indemnización euros |
|-----------------------------|---------------------------------|---------|--|------------------------------------|
| 3420 2279904 | MONITORES XIMNASIO BERBES | 10,00 % | 202100009410 | 7.854,83 |
| 3420 2279905 | MONITORES XIMNASIO CARME | 11,33 % | 202100009411 | 8.899,52 |
| 3420 2279908 | MONITORES PISCINA TRAVESAS | 32,05 % | 202100009412 | 25.174,74 |
| 3420 2279909 | MONITORES PISCINA LAVADORES | 21,45 % | 202100009413 | 16.848,62 |
| 3420 2279910 | MONITORES PISCINA TEIS | 16,15 % | 202100009414 | 12.685,55 |
| 3420 2279913 | MONITORES PISCINA VALADARES | 9,02 % | 202100009415 | 7.085,06 |
| total | | 100% | | 78.548,32 |



Concello de Vigo

Sétimo.- En data 4 de febreiro de 2021 a Xunta de Goberno local acordou:

“1º.- Declarar a suspensión dos seguintes contratos como consecuencia da Orde do 26 de xaneiro de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia:

(...)

e) Contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da concellería de deporte (expediente nº 2496-611):

- 1. Suspensión da parte variable do contrato relativa a actividades docentes (monitores, profesores e coordinadores, nas piscinas e ximnasios obxecto do contrato).*
- 2. Suspensión parcial da parte fixa do contrato agás:*
 - O 50% das prestacións de limpeza.*
 - As prestacións relativas á mantemento.*
 - As prestacións de dirección.*
 - Os subministros enerxéticos.*
 - As prestacións de recepción e socorrismo, na piscina das Travesas en horario de 14:00 a 21:30 horas, de luns a venres.*

2º.- A suspensión terá efectos desde o 27 de xaneiro de 2021, data na que entrou en vigor a citada orde.

3º.- O levantamento da suspensión estará supeditado á finalización das citadas medidas por acordo da autoridade delegada competente.”

Oitavo.- En datas 5 de marzo de 2021, a XGL acordou:

“1º.- Levantar a suspensión dos seguintes contratos como consecuencia da Orde do 25 de febreiro de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia:

(...)

- Contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da concellería de deporte (expediente nº 2496-611), agás o 33 % da xornada completa de 7 traballadores de docencia en piscinas, equivalente a 11 horas semanais por cada un por mor das limitacións de aforos fixadas na citada orde.*

2º.- O levantamento da suspensión terá efectos desde o 26 de febreiro de 2021, data na que entrou en vigor a citada orde”.

Noveno.- O 3 de xuño de 2021, FCC AQUALIA, S.A., mediante documento nº 210097606 de data 3 de xuño de 2021, solicita indemnización dos danos e perdas a consecuencia da suspensión do contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasiaos e instalacións dependentes da concellería de deporte (expte. 2.496-611), de acordo co establecido no artigo 208 da LCSP, por gastos salariais da parte suspendida do contrato en vigor, entre o 27 de xaneiro e o 30 de abril.

Xunto coa solicitude de indemnización acompaña anexo 1 (certificado de gastos salariais do período da parte suspendida parcialmente), anexo 2 (declaración xurada), anexo 3 (nóminas dos traballadores adscritos ao contrato e actividade suspendida) e anexo 4 (cotizacións S.S. RNT e RLT dos traballadores adscritos ao contrato e actividade suspendida).

Décimo.- Con data 6 de xullo FCC AQUALIA, S.A. presenta escrito aclaratorio nº 210122317 no expte. 6.591-241 da solicitude nº 210097606 do 3 de xuño, no que indica expresamente no parágrafo quinto do apartado IV que non se solicitarán máis indemnizacións vinculadas a esta suspensión do contrato, no que solicita a reactivación total do contrato dende o 1 de maio, coa xustificación do levantamento parcial dos traballadores cuxa actividade docente estaba parcialmente limitada ata o 30 de abril.

Undécimo.- Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16 de xullo de 2021 adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Levantar, como consecuencia da Orde do 12 de maio de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, a suspensión parcial do contratos dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasiaos e instalacións dependentes da concellería de deporte (expediente nº 2496-611) e reactivar o 33 % da xornada completa de 7 traballadores de docencia en piscinas, equivalente a 11 horas semanais por cada un por mor das limitacións de aforos fixadas na citada orde.

2º.- O levantamento da suspensión terá efectos:

- Desde o 1 de maio de 2021, para 6 dos traballadores, por canto a empresa os reactivou nesa data.*
- Desde a data na que entrou en vigor a citada orde para o traballador restante”.*

Duodécimo.- O 28 de setembro de 2021 o adxunto e o xefe do Servizo de Deportes emiten informe sobre a indemnización solicitada.

Décimo terceiro.- Con data do 29 de setembro de 2021 a técnica de Administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación, coa conformidade da concelleira delegada formulan proposta de abono de indemnización a FCC AQUALIA, S.A. por importe de



Concello de Vigo

100.651,61 euros (87.033,6 euros correspondentes ao período do 27 de xaneiro de 2021 a 25 de febreiro de 2021 e 13.528,01 euros correspondentes ao período do 26 de febreiro ao 30 de abril de 2021), en concepto de gastos salariais abonados efectivamente polo contratista ao persoal adscrito á execución ordinaria do contrato.

Décimo cuarto.- Devolto o expediente pola Intervención Xeral, con data do 20 de outubro de 2021 o Servizo de Deportes solicita a FCC AQUALIA, S.A. aclaracións á documentación presentada na solicitude de indemnización.

Décimo quinto.- O 3 de novembro FCC AQUALIA, S.A. presenta escrito aclaratorio e rectificativo (documento nº 210221476) que anula o documento de data 29 de outubro (nº 210218883) que asemade anulaba ao documento presentado con data 26 de outubro (nº 210215433). Na referida documentación realízanse as aclaracións solicitadas pola administración e rectifícase o importe de solicitude de gastos salariais (salarios, SS e complemento ERTE), ascendendo o novo importe solicitado a 85.508,85 euros.

Décimo sexto.- O 16 e 17 de novembro de 2021 o adxunto e o xefe do Servizo de Deportes emiten novo informe sobre a indemnización solicitada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

RECOÑECEMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERDAS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DO CONTRATO

Establece o artigo 208 da LCSP que se a Administración acordase a suspensión do contrato ou aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, estenderase un acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel.

Acordada la suspensión, a Administración abonará ao contratista os danos e perdas efectivamente sufridos.

Agás que o prego que rexa o contrato estableza outra cousa, dito abono só comprenderá, sempre que nos puntos 1.º a 4.º se acredite fidedignamente a súa realidade, efectividade e importe, os seguintes conceptos:

1. Gastos por mantemento da garantía definitiva.
2. Indemnizacións por extinción ou suspensión dos contratos de traballo que o contratista tivera concertados para a execución do contrato ao tempo de iniciarse a suspensión.
3. Gastos salariais do persoal que necesariamente deba quedar adscrito ao contrato durante o período de suspensión.
4. Alugueres ou custos de mantemento de maquinaria, instalacións e equipos sempre que o contratista acredite que estes medios non puideron ser empregados para outros fins distintos da execución do contrato suspendido.
5. Os gastos correspondentes ás pólizas de seguro subscritas polo contratista previstos no prego de cláusulas administrativas vinculados ao obxecto do contrato

PROCEDEMENTO PARA O RECOÑECEMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERXUIZOS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DO CONTRATO

O artigo 208 da LCSP prevé que só se indemnizarán os períodos de suspensión que estiveran documentados na correspondente acta. O contratista poderá pedir que se estenda dita acta. Se a Administración non responde a esta solicitude entenderase, agás proba en contrario, que se iniciou a suspensión na data sinalada polo contratista na súa solicitude.

O dereito a reclamar prescribe nun ano contado desde que o contratista reciba a orde de reanudar a execución do contrato.

No caso que nos ocupa o propio acordo de suspensión da Xunta de Goberno local de data 4 de febreiro de 2021 recolle as circunstancias que motivaron a suspensión (a Orde do 26 de xaneiro de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia) así como a situación de feito da execución do contrato nos seguintes termos:

“[...]”

- 1. Suspensión da parte variable do contrato relativa a actividades docentes (monitores, profesores e coordinadores, nas piscinas e ximnasios obxecto do contrato).*
- 2. Suspensión parcial da parte fixa do contrato agás:*
 - O 50% das prestacións de limpeza.*
 - As prestacións relativas á mantemento.*
 - As prestacións de dirección.*
 - Os subministros enerxéticos.*
 - As prestacións de recepción e socorrismo, na piscina das Travesas en horario de 14:00 a 21:30 horas, de luns a venres [...]”*

E contempla a data dos efectos da suspensión, 27 de xaneiro de 2021, polo que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 208 da LCSP aínda que non se estendese a correspondente acta.

A solicitude de indemnización refírese ao período 27 de xaneiro e o 30 de abril e abarca unicamente os gastos salariais. Tal e como informa o servizo xestor en data 16 e 17 de novembro de 2021:

“Comprobada a documentación remitida pola empresa adxudicataria FCC Aqualia, SA, resulta que o abono solicitado de 85.508,85 euros correspóndese os gastos salariais da:

- Suspensión da parte variable do contrato relativa a actividades docentes (monitores, profesores e coordinadores, nas piscinas e ximnasios obxecto do contrato).*
- Suspensión parcial da parte fixa do contrato agás:*
- O 50% das prestacións de limpeza.*



Concello de Vigo

- As prestacións relativas á mantemento.
- As prestacións de dirección.
- Os subministros enerxéticos.
- As prestacións de recepción e socorrismo, na piscina das Travesas en horario de 14:00 a 21:30 horas, de luns a venres.

Sendo procedente facer a seguintes consideracións.

- Gastos salariais: solicítase pola mercantil FCC AQUALIA, indemnización en concepto de gastos salariais da parte suspendida do contrato en vigor (soldos, SS e complementos de ERTE), para os períodos seguintes:

A) Entre o 27.01.2021 e o 25.02.2021 correspondente a parte suspendida do contrato dos gastos salariais: Suspensión da parte variable do contrato relativa a actividades docentes (monitores, profesores e coordinadores, nas piscinas e ximnasia obxecto do contrato): Suspensión parcial da parte fixa do contrato agás:

- O 50% das prestacións de limpeza.
- As prestacións relativas á mantemento.
- As prestacións de dirección.
- Os subministros enerxéticos.
- As prestacións de recepción e socorrismo, na piscina das Travesas en horario de 14:00 a 21:30 horas, de luns a venres,

Ascendendo o importe a 82.142,00 euros.

B) O período do 26.02.2021 ó 30.04.2021 polo concepto de *33 % da xornada completa de 7 traballadores de docencia en piscinas, equivalente a 11 horas semanais por cada un por mor das limitacións de aforos fixadas na citada orde.* Ascendendo o importe a 3,366,85 euros

Sendo o importe total solicitado a abonar de 85.508,85 euros.

- Achega anexo I, nº doc. 210097606 de data 3.06.2021, rectificado e substituído polo documento nº 210221476 de data 03.11.2021 no que se recolle a CERTIFICACIÓN DE CUSTES SALARIAIS DA PARTE SUSPENDIDA DO CONTRATO, entre as datas 27.01.2021 e 30.04.2021, co seguinte nivel de desglose:

- a) Xefe do Servizo (1 traballador): indemnización solicitada por un importe de 1.187,63 €.
- b) Coordinador Deportivo (3 traballadores): indemnización solicitada por un importe de 7.025,52 €.
- c) Limpadores (13 traballadores): indemnización solicitada por un importe de 6.587,25 €.
- d) Monitor instalacións deportiva (34 traballadores): indemnización solicitada por importe de 41.832,06€.
- e) Recepcionista (15 traballadores): indemnización solicitada por importe de 14.500,80 €.
- f) Socorrista (13 traballadores): indemnización solicitada por importe de 14.375,59 €

- Presenta declaración xurada no anexo II na que declara a exactitude dos datos aportados, nº 210097606

- Presenta copia das nóminas no Anexo III e copia das RNT e RLT no anexo IV. nº 210097606

Detéctase un erro material, que non afecta o cómputo final do importe. No documento aclaratorio da relación nominal dos traballadores na que se indica: o número de monitores é de 13 (en ordinal) cando o número total nominal é de 34; o número de recepcionistas é de 16(en ordinal) cando o número nominal total é de 15; o número total de socorristas é de 12 (en ordinal) cando o número total nominal é de 13.

Revisada a documentación aportada, os datos, os cálculos e os conceptos indemnizables dase conformidade por esta dirección técnica ó importe solicitado pola mercantil FCC AQUALIA que ascende a 85.508,85 euros. Dándose por cerrado o expediente de indemnización a vista da renuncia expresa da empresa de solicitude de calquer reclamación vinculada a suspensión do contrato que se recolle neste expediente, apartado VII do último documento presentado nº 210221476 de data 03.11.2021.

PROPOSTA:

Atendendo ao que antecede, proponse ao Servizo de Contratación:

1) A tramitación dunha indemnización por gastos salariais e complemento de ERTE, a favor da mercantil FCC AQUALIA S.A por unha cantidade de **85.508,85 euros** en concepto de gastos salariais (soldos, SS e complementos de ERTE) polos seguintes períodos:

A) período comprendido entre o 27 de xaneiro de 2021 e 25 de febreiro de 2021 sendo o importe de 82.142,00 €

B) período do 26 de febreiro ó 30 de abril do 2021 sendo o importe de 3.366,85 €.

2) O importe desta indemnización aplicarase con cargo ós créditos comprometidos para a xestión do contrato contabilizados segundo os seguintes cadros:

| Partida orzamentaria | Custe variable monitores | % IMPUTAC. | OPERACION CONTABLE (n.º AD) | importe indemnización |
|----------------------|---------------------------|------------|-----------------------------|-----------------------|
| 3420 2279904 | MONITORES XIMNASIO BERBES | 10,00% | 202100006186 | 4.183,21 € |
| 3420 2279905 | MONITORES XIMNASIO CARME | 11,33% | 202100006187 | 4.739,56 € |



Concello de Vigo

| | | | | |
|--------------|-------------------------------------|---------|--------------|-------------|
| 3420 2279908 | MONITORES PISCINA TRA- VESAS | 32,05% | 202100006188 | 13.407,18 € |
| 3420 2279909 | MONITORES PISCINA LAVA- DORES | 21,45% | 202100006189 | 8.972,98 € |
| 3420 2279910 | MONITORES PISCINA TEIS | 16,15% | 202100006190 | 6.755,88 € |
| 3420 2279913 | MONITORES PISCINA VALA- DARES | 9,02% | 202100006191 | 3.773,25 € |
| total | | 100,00% | | 41.832,06 € |

| Partida orza- mentaria | Custe servi- zos | % IMPUTAC. | OPERACION CON- TABLE (n.º AD) | importe indemniza- ción euros |
|----------------------------------|------------------------------------|------------|-----------------------------------|----------------------------------|
| 3420 2279902 | SERVIZOS PISCINA TRA- VESAS | 37,00% | 202100006192 | 16.160,41 € |
| 3420 2279903 | SERVIZOS PISCINA LAVA- DORES | 21,00% | 202100006193 | 9.172,13 € |
| 3420 2279906 | SERVIZOS PISCINA TEIS | 25,00% | 202100006194 | 10.919,20 € |
| 3420 2279911 | SERVIZOS PISCINA VA- LADARES | 17,00% | 202100006195 | 7.425,05 € |
| total | | 100,00% | | 43.676,79 € |
| TOTAL INDEM- NIZACION | | | | 85.508,85 €" |

A solicitud presentada polo contratista en relación ao recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato cumpre cos requisitos esixidos na normativa aplicable e foi informada favorablemente polo servizo xestor.

En consecuencia, tendo en conta que a indemnización solicitada se refire aos danos e perdas efectivamente sufridos polo contratista durante a suspensión do contrato, e que o adxunto e o xefe do Servizo de Deportes expresan no seu informe de data 16 e

17 de novembro de 2021 a súa conformidade coa documentación achegada polo contratista, sen prexuízo do que resulte da fiscalización previa da Intervención Xeral, procede acordar o recoñecemento a FCC AQUALIA, S.A., do dereito a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (2.496-611), declarada mediante acordo da Xunta de Goberno local de data 4 de febreiro de 2021, polo período do 27 de xaneiro e o 30 de abril do mesmo ano, por importe de 85.508,85 euros (82.142,00 euros correspondentes ao período do 27 de xaneiro de 2021 a 25 de febreiro de 2021 e 3.366,85 euros correspondentes ao período do 26 de febreiro ao 30 de abril de 2021) que serán aboados con cargo aos seguintes créditos:

| Aplicación orzamentaria | Custo variable monitores | % Imputac. | Operación contable (AD) | Importe indemnización |
|--------------------------------|---------------------------------|-------------------|--------------------------------|------------------------------|
| 3420 2279904 | MONITORES XIMNASIO BERBES | 10,00% | 202100006186 | 4.183,21 € |
| 3420 2279905 | MONITORES XIMNASIO CARME | 11,33% | 202100006187 | 4.739,56 € |
| 3420 2279908 | MONITORES PISCINA TRAVESAS | 32,05% | 202100006188 | 13.407,18 € |
| 3420 2279909 | MONITORES PISCINA LAVADORES | 21,45% | 202100006189 | 8.972,98 € |
| 3420 2279910 | MONITORES PISCINA TEIS | 16,15% | 202100006190 | 6.755,88 € |
| 3420 2279913 | MONITORES PISCINA VALADARES | 9,02% | 202100006191 | 3.773,25 € |
| total | | 100,00% | | 41.832,06 € |

| Aplicación orzamentaria | Custo servizos | % Imputac. | Operación contable (AD) | Importe indemnización |
|--------------------------------|---------------------------|-------------------|--------------------------------|------------------------------|
| 3420 2279902 | SERVIZOS PISCINA TRAVESAS | 37,00% | 202100006192 | 16.160,41 € |



Concello de Vigo

| | | | | |
|----------------------------|----------------------------|---------|--------------|--------------------|
| 3420 2279903 | SERVIZOS PISCINA LAVADORES | 21,00% | 202100006193 | 9.172,13 € |
| 3420 2279906 | SERVIZOS PISCINA TEIS | 25,00% | 202100006194 | 10.919,20 € |
| 3420 2279911 | SERVIZOS PISCINA VALADARES | 17,00% | 202100006195 | 7.425,05 € |
| total | | 100,00% | | 43.676,79 € |
| TOTAL INDEMNIZACIÓN | | | | 85.508,85 € |

-III-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

“1º.- Recoñecer o dereito de FCC AQUALIA, S.A. a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (2.496-611)), declarada mediante acordo da Xunta de Goberno local de data 4 de febreiro de 2021 con efectos desde o 27 de xaneiro ata o 26 de febreiro e o 1 de maio de 2021, por importe de 85.508,85 euros (82.142,00 euros correspondentes ao período do 27 de xaneiro de 2021 a 25 de febreiro de 2021 e 3.366,85 euros correspondentes ao período do 26 de febreiro ao 30 de abril de 2021), en concepto de gastos salariais abonados efectivamente polo contratista ao persoal adscrito á execución ordinaria do contrato.

2º.- Esta contía aplicarase aos seguintes créditos comprometidos:

| Aplicación orzamentaria | Custo variable monitores | % Imputac. | Operación contable (AD) | Importe indemnización |
|--------------------------------|---------------------------------|-------------------|--------------------------------|------------------------------|
| 3420 2279904 | MONITORES XIMNASIO BERBES | 10,00% | 202100006186 | 4.183,21 € |
| 3420 2279905 | MONITORES XIMNASIO CARME | 11,33% | 202100006187 | 4.739,56 € |
| 3420 2279908 | MONITORES PISCINA TRAVESAS | 32,05% | 202100006188 | 13.407,18 € |
| 3420 2279909 | MONITORES PISCINA LAVADORES | 21,45% | 202100006189 | 8.972,98 € |
| 3420 2279910 | MONITORES PISCINA TEIS | 16,15% | 202100006190 | 6.755,88 € |
| 3420 2279913 | MONITORES PISCINA VALADARES | 9,02% | 202100006191 | 3.773,25 € |
| Total A | | 100,00% | | 41.832,06 € |

| Aplicación orzamentaria | Custo servicios | % Imputac. | Operación contable (AD) | Importe indemnización |
|----------------------------------|----------------------------|-------------------|--------------------------------|------------------------------|
| 3420 2279902 | SERVIZOS PISCINA TRAVESAS | 37,00% | 202100006192 | 16.160,41 € |
| 3420 2279903 | SERVIZOS PISCINA LAVADORES | 21,00% | 202100006193 | 9.172,13 € |
| 3420 2279906 | SERVIZOS PISCINA TEIS | 25,00% | 202100006194 | 10.919,20 € |
| 3420 2279911 | SERVIZOS PISCINA VALADARES | 17,00% | 202100006195 | 7.425,05 € |
| Total B | | 100,00% | | 43.676,79 € |
| TOTAL INDEMNIZACIÓN (A+B) | | | | 85.508,85 € |



Concello de Vigo

3.- *Notificar este acordo ao interesado*”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1047).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DE APOIO Á CELEBRACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DO PROGRAMA “CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS DA CIDADE DE VIGO”. EXPTE. 20915/333.

Visto o informe xurídico do 17/11/2021 e o informe de fiscalización do 18/11/2021, dáse conta do informe-proposta do 04/11/2021, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1. Antecedentes

a) Con data 10.09.2020, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, aprobou o expediente para a “EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA NECESARIA PARA A REALIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS VINCULADOS CO “CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS DA CIDADE DE VIGO”. EXPTE. 19710/333 (trámite núm. 151).

b) A Mesa de Contratación, na sesión celebrada o 20 de novembro de 2020, adoptou o acordo de clasificación de ofertas e proposta de adxudicación PARA a CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA NECESARIA PARA A REALIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS VINCULADOS CO “CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS DA CIDADE DE VIGO. (trámite núm. 241).

c) A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 03.12.2020 acordou adxudicar a *EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L. (B-27.858.398)* o *procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de produción técnica de apoio á celebración de eventos deportivos do programa “Calendario de eventos deportivos da cidade de Vigo” (19.710-333), por un prezo total do contrato é de 33.563,49 euros e unha duración dun ano, coa posibilidade de dúas prórrogas dun ano cada unha (trámite 273)*

d) Con data 4.12.2020, procédese á sinatura do contrato coa mercantil *EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L. (B-27.858.398)*, para a prestación do servizo obxecto da contratación, a partir do 8.12.2020 e cunha duración dun ano, contemplándose dúas prórrogas dun ano de duración cada unha (trámite núm. 298).

e) Con data 1.09.2021, enviouse notificación á empresa *EVENTOS ESPECIALES DEL NOROESTE, SL*, co preaviso da prórroga coa antelación mínima esixida no artigo 29.2

LCSP, sendo a aplicación da devandita prórroga obrigatoria para o contratista. Consta acuse de recibo. (trámites núm. 346 e 350).

2. Fundamentos de dereito

O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dispón no seu apartado segundo, que o contrato poderá prever unha o varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbese polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso de produza con dous meses de antelación á finalización do prazo de execución do contrato.

No devandito artigo, no seu apartado cuarto, establécese que o prazo de duración nos contratos públicos de servizos será de 5 anos máximo, incluídas todas as súas prórrogas, que en aplicación do apartado segundo dese artigo, acorde o órgano de contratación, con respecto ás condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante.

No PCAP, **cláusula 7. Prazo de execución, punto 3**, recóllese que este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses. O apartado 4. C da FEC contempla a posibilidade de dúas prórrogas, dun ano de duración cada unha.

3. Desenvolvemento do contrato actual:

A empresa dispón de todos os medios necesarios tanto humanos como técnicos para o desenvolvemento do servizo, obxecto do contrato, e vén prestando o mesmo dun xeito satisfactorio, de acordo cos criterios marcados no PPT.

Cómpre ter en conta que por mor da COVID-19, non se desenvolveron eventos deportivos no mes de decembro de 2020 e nos meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril de 2021.

Na situación actual, resulta necesario propoñer a prórroga do contrato xa que o levantamento das restricións derivadas da pandemia, leva á normalización da programación de eventos deportivos a incluír no calendario.

4.Prezo anual do contrato:

A anualidade do contrato é de 27.738,42 euros sen IVE, sendo o IVE de 5.827,07 euros, o que fai un importe total da anualidade de 33.563,49 euros.

5.Prezo para o período da prórroga



Concello de Vigo

Tendo en conta que a primeira prórroga é por unha anualidade e segundo o indicado no PCAP non procede a revisión de prezos, o prezo do contrato para o período da primeira prórroga sería de 33.563,49 €, IVE incluído (importe base de 27.738,42 € e 5.827,07 en concepto de IVE).

6.Financiamento do contrato:

O contrato financiarase con cargo a aplicación orzamentaria 3410.2260901 "Organización de actividades deportivas", coa seguinte distribución por anualidades:

| ANUALIDADE | PARTIDA | IMPORTE |
|------------|----------------|-------------|
| 2021 | 3410.226.09.01 | 2.206,80 € |
| 2022 | 3410.226.09.01 | 31.356,69 € |

Posto que o prazo de execución do contrato remata o 7 de decembro de 2021 e conséntase a necesidade de garantir o servizo, faise necesario tramitar a 1ª prórroga do "CONTRATO DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DE APOIO Á CELEBRACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DO PROGRAMA CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS DA CIDADE DE VIGO".

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de servizos en anos anteriores e, polo tanto, encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.a) "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos".

Polo anteriormente exposto e, conforme establece o art. 127 LBRL e a D. A. 2ª do Real Decreto Legislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, propónse a **Xunta de Goberno Local** previo informe xurídico e fiscalización pola Intervención a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

1. Aprobar a 1ª prórroga do **CONTRATO DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DE APOIO Á CELEBRACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DO PROGRAMA CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 19710/333**, por un período de un ano, comprendido entre o 8 de decembro de 2021 ata o 7 de decembro de 2022, ambos os dous incluídos, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas na prescrición 7ª, á empresa *EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L. (B-27.858.398)*

2. Aprobar o gasto de 33.563,49 €, IVE incluído, que representa esta prórroga anual a favor de *EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.* (B-27.858.398) con cargo a aplicación orzamentaria 3410.226.09.01 “ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS”, coa seguinte distribución por anualidades:

| ANUALIDADE | PARTIDA | IMPORTE |
|------------|----------------|-------------|
| 2021 | 3410.226.09.01 | 2.206,80 € |
| 2022 | 3410.226.09.01 | 31.356,69 € |

3. Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra o mesmo poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. Da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1048).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “SEMANA ATLÁNTICA DE VELA CIDADE DE VIGO 2021”. EXPTE. 20413/333.

Visto o informe xurídico do 08/11/2021 e o informe de fiscalización do 17/11/2021, dáse conta do informe-proposta do 05/11/2021, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 09.02.2021 a Concellería-delegada de Deportes deu instrución para o inicio dun expediente de subvención por importe de 10.000,00€ prevista na partida orzamentaria 3410.480.00.09 a favor da entidade REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO en relación á organización do evento deportivo “SEMANA ATLÁNTICA DE VELA CIDADE DE VIGO 2021”.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para Vigo ser acollidora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades organizadoras de eventos deportivos na cidade e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a



Concello de Vigo

Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a toda a cidadanía.

Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 27.12.2019 un "Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo". Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como "cidade do deporte", inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións de organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

En relación co anterior, a entidade presentou con data 28.07.2021 a documentación esixida coa proposta de celebración do evento deportivo e acredita documentalmente posuír os todos os dereitos deportivos, de execución, publicitarios e de comunicación do evento, e o seu proxecto fundamenta o interese xeral que supón para a cidade de Vigo, xa que contará con gran interese e nivel deportivo e unha ampla difusión en medios de comunicación.

O gasto global derivado da organización e desenvolvemento deste evento deportivo segundo o presuposto presentado pola entidade organizadora ascenden a un total de 12.617,00€, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade o 03.08.2021.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
- Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto de colaboración fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
1. Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.

- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos, considérase fundamentada a necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha proposta de subvención orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.



Concello de Vigo

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o ano 2021, na partida orzamentaria 3410.480.00.09, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. A súa concesión canalízase a través dunha proposta de resolución cuxo texto se somete a aprobación.

En relación ao prazo de xustificación da presente subvención, é necesario neste caso, e con carácter excepcional, ampliar o prazo establecido polas bases de execución do orzamento municipal vixente, ata o día 30 de novembro de 2021, por canto o evento deportivo a subvencionar celebrouse no mes de setembro e a data de hoxe está pendente de ser sometido este expediente ao órgano competente para o seu outorgamento. Tal ampliación propónse axustándose ao requisito establecido polo Plan Estratéxico Municipal do Concello de Vigo para os anos 2021-2023, que esixe que o prazo que se estableza sexa dentro do exercicio económico e non poña en perigo o cumprimento dos prazos de peche do exercicio. Entendendo pois que se cumpren ditos requisitos, establécese o prazo de xustificación da presente subvención ata o 30 de novembro de 2021 (incluído).

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte da finalización do evento deportivo.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a proposta de resolución de concesión directa dunha subvención a favor de REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO, CIF: G36612752 pola organización do evento deportivo "SEMANA ATLÁNTICA DE VELA CIDADE DE VIGO 2021" de acordo coas condicións e compromisos que se detallan como anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 10.000,00€, previsto na partida orzamentaria 3410.480.00.09, a favor da entidade REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO, CIF: G36612752 e enderezo social na rúa AS AVENIDAS, S/N (36201), en Vigo, segundo resulta da documentación presentada e vinculada co expediente do expediente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONDICIÓN E COMPROMISOS VINCULADOS COA PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO "SEMANA ATLÁNTICA DE VELA CIDADE DE VIGO 2021" (Expediente 20413-333)

I.- O obxecto da proposta é colaborar no desenvolvemento na cidade de Vigo do evento deportivo "**SEMANA ATLÁNTICA DE VELA CIDADE DE VIGO 2021**", organizado pola entidade deportiva **REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO**.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión e conta cunha ampla promoción da actividade deportiva e o nivel deportivo da competición.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.- A entidade deportiva **REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO** organiza o evento "**SEMANA ATLÁNTICA DE VELA CIDADE DE VIGO 2021**" que supón un valor moi importante para a promoción deportiva e turística da cidade de Vigo, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

O club, fundado no 1906 é un eixo vertebrador da actividade deportiva náutica da cidade e un polo dinamizador social ademais de contar con catorce olímpicos e un paralímpico con ficha.

A vela é un dos deportes fundacionais do Real Club Náutico de Vigo xa que debido ás condicións naturais e estéticas da ría de Vigo serviu para promover a actividade e gañar recoñecemento internacional. No ano 2000 este club creou a 1ª Edición da Semana Náutica del Atlántico que marcou un fito histórico.

A "**SEMANA ATLÁNTICA DE VELA CIDADE DE VIGO 2021**" se trata da competición máis multitudinaria de cantas se disputan nas costas galegas co gallo do "Trofeo Martín Barreiro".

Esta competición se creou como lembranza polo 300 aniversario da Batalla de Rande e ao obxecto de irmandar os portos de Amsterdam, Plymouth e Vigo, en referencia ás nacións que participaron na batalla.

Dende o ano 2000 se celebrou todos os anos e xa vai pola súa vixésimo segunda edición, con regatistas de España, Portugal, Estonia, India, Irlanda, República de Sudáfrica e Letonia.

O seu valor deportivo, social e turístico se complementa cunha grande cobertura na prensa escrita e online (ABC, Atlántico Diario, Faro de Vigo, La Región, El Correo Gallego, La Voz de Galicia) e radiofónica (Radio Galega, Cadena Cope, Radio Vigo, Onda Cero)

Súmase a isto, o compoñente social e o valor promocional do deporte deste nivel. Considérase que a organización de este evento permite reforzar o compromiso coa sociedade e dar a coñecer o público das posibilidades de organización destes eventos deportivos, e tendo a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, coa repercusión mediática nos medios de comunicación, enlaces web, redes sociais, ademais de mostrar a Vigo como destino turístico-deportivo.

III.- A entidade deportiva **REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO** non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este



Concello de Vigo

Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

COMPROMISOS:

Primeiro.- A entidade deportiva **REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO** colaborou coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Organización do evento deportivo "**SEMANA ATLÁNTICA DE VELA CIDADE DE VIGO 2021**", asumindo a responsabilidade única no mesmo e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin, cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto.

2º.- Asumiu todos os gastos derivados da organización do evento deportivo.

3º.-Garantiu a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

4º.- Obtivo todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Publicitou de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos figurou a imaxe institucional do Concello de Vigo, como colaborador do evento deportivo.

6º.- Responsabilizouse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

7º.-Que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, apareceu a imaxe institucional do Concello de Vigo.

8º.- Invitou ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

9º.- Que en todas as actividades que se desenvolveron vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, figurou nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona de xogo, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

10º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, con resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc...

11º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

12º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

13º.- Atender as medidas sanitarias e protocolos de saúde vixentes en relación co Covid-19.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade deportiva **REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO** unha subvención por importe de **10.000,00€** con cargo á partida orzamentaria **3410.480.00.09** do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas ca organización do evento deportivo "**SEMANA ATLÁNTICA DE VELA CIDADE DE VIGO 2021**". A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta da entidade beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto da subvención, na cartalaría, web e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e o 30 de novembro de 2021 o cumprimento da finalidade para a



Concello de Vigo

que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto da subvención cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán aquelas facturas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado na proposta de subvención.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe da subvención.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta de subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia da proposta abarca o período comprendido entre a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local e ata o 30 de novembro de 2021 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación da mesma.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto da presente proposta rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas condicións e compromisos que se



Concello de Vigo

conteñen nesta proposta; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerese polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución desta proposta establécese en base as memorias e informes que presente a entidade solicitante e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan expresar.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

8(1049).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE CLUB MARÍTIMO DE VIGO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “TORNEO INTERNACIONAL REMO E PIRAGÜISMO CONCELLO DE VIGO 2021”. EXPTE. 20401/333.

Visto o informe xurídico do 08/11/2021 e o informe de fiscalización do 15/11/2021, dáse conta do informe-proposta do 05/11/2021, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 09.02.2021 a Concellería-delegada de Deportes deu instrución para o inicio dun expediente de subvención por importe de 10.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.480.00.07 a favor da entidade CLUB MARÍTIMO DE VIGO en relación á organización do evento deportivo "TORNEO INTERNACIONAL REMO E PIRAGÜISMO CONCELLO DE VIGO 2021".

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para Vigo ser acollidora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades organizadoras de eventos deportivos na cidade e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a toda a cidadanía.

Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 27.12.2019 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións de organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

En relación co anterior, a entidade presentou con data 28.07.2021 a documentación esixida coa proposta de celebración do evento deportivo e acredita documentalmente posuír os todos os dereitos deportivos, de execución, publicitarios e de comunicación do evento, e o seu proxecto fundamenta o interese xeral que supón para a cidade de Vigo, xa que contará con gran interese e nivel deportivo e unha ampla difusión en medios de comunicación.

O gasto global derivado da organización e desenvolvemento deste evento deportivo segundo o presuposto presentado pola entidade organizadora ascenden a un total de 12.617,00€, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade o 03.08.2021.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
- Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto de colaboración fundaméntase nos seguintes obxectivos:



Concello de Vigo

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos, considérase fundamentada a necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha proposta de subvención orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do

sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o ano 2021, na partida orzamentaria 3410.480.00.07, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. A súa concesión canalízase a través dunha proposta de resolución cuxo texto se somete a aprobación.

En relación ao prazo de xustificación da presente subvención, é necesario neste caso, e con carácter excepcional, ampliar o prazo establecido polas bases de execución do orzamento municipal vixente, ata o día 30 de novembro de 2021, por canto o evento deportivo a subvencionar celebrouse no mes de setembro e a data de hoxe está pendente de ser sometido este expediente ao órgano competente para o seu outorgamento. Tal ampliación propónse axustándose ao requisito establecido polo Plan Estratéxico Municipal do Concello de Vigo para os anos 2021-2023, que esixe que o prazo que se estableza sexa dentro do exercicio económico e non poña en perigo o cumprimento dos prazos de peche do exercicio. Entendendo pois que se cumpren ditos requisitos, establécese o prazo de xustificación da presente subvención ata o 30 de novembro de 2021 (incluído).

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte da finalización do evento deportivo.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a proposta de resolución de concesión directa dunha subvención a favor de CLUB MARÍTIMO DE VIGO, CIF: G27780535 pola organización do evento deportivo "TORNEO INTERNACIONAL REMO E PIRAGÜISMO CONCELLO DE VIGO 2021" de acordo coas condicións e compromisos que se detallan como anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 10.000,00 €, previsto na partida orzamentaria 3410.480.00.07, a favor da entidade CLUB MARÍTIMO DE VIGO, CIF: G27780535 e enderezo social na rúa AVDA RICARDO MELLA, 143- NAVE 7A (36330), en Vigo, segundo resulta da documentación presentada e vinculada co expediente do expediente. Este crédito é con cargo á partida 3410.480.00.07 do vixente orzamento.



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONDICIÓNS E COMPROMISOS VINCULADOS COA PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE CLUB MARÍTIMO DE VIGO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO "TORNEO INTERNACIONAL REMO E PIRAGÜISMO CONCELLO DE VIGO 2021" (Expediente 20401-333)

I.- O obxecto da proposta é colaborar no desenvolvemento na cidade de Vigo do evento deportivo "**TORNEO INTERNACIONAL REMO E PIRAGÜISMO CONCELLO DE VIGO 2021**", organizado pola entidade deportiva **CLUB MARÍTIMO DE VIGO**.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión e conta cunha ampla promoción da actividade deportiva e o nivel deportivo da competición.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.- A entidade deportiva **CLUB MARÍTIMO DE VIGO** organiza o evento "**TORNEO INTERNACIONAL REMO E PIRAGÜISMO CONCELLO DE VIGO 2021**" que supón un valor moi importante para a promoción deportiva e turística da cidade de Vigo, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

O "**TORNEO INTERNACIONAL REMO E PIRAGÜISMO CONCELLO DE VIGO 2021**" se disputa no Concello de Vigo ao longo do mes de setembro e se compón de competicións de piragüismo (kayak de mar), vela olímpica (ILCA) e vela de cruceiro:

- TROFEO INTERNACIONAL CONCELLO DE VIGO KAYAK DE MAR (4-5/SET)
- TROFEO CONCELLO DE VIGO-CAMPEONATO IBÉRICO DE ILCA (17-19/SET)
- TROFEO CONCELLO DE VIGO-TROFEO VILA DE BOUZAS DE CRUCEROS (25-26/SET)

En todas as actividades se configura tanto unha categoría masculina coma unha feminina, promovendo a igualdade e participación da muller no deporte, así como un amplo espectro de participación de tódalas idades (infantís, cadetes, xuvenís, senior e veteráns) de modo transversal. Conta coa participación de mais de 500 palistas de kayak nacionais e tamén estranxeiros así como 150 embarcacións de vela olímpica ILCA e 150 regatistas de España e Portugal; participan un total de 57 clubs en kayak e 25 clubs en vela.

O evento supón unha importante campaña de difusión dos deportes náuticos e do turismo e actividade comercial na ría de Vigo, de modo que se fomenta a promoción da cidade e do seu entorno natural, así como do desfrute e actividades saudables na natureza. Súmase a isto, o compoñente social e o valor promocional do deporte deste nivel. Considérase que a organización de este evento permite reforzar o compromiso coa sociedade e dar a coñecer o público das posibilidades de organización destes eventos deportivos, e tendo a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, coa repercusión mediática nos medios de comunicación, enlaces web, redes sociais, ademais de mostrar a Vigo como destino turístico-deportivo.

III.- A entidade deportiva **CLUB MARÍTIMO DE VIGO** non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

COMPROMISOS:

Primeiro.- A entidade deportiva **CLUB MARÍTIMO DE VIGO** colaborou coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Organización do evento deportivo "TORNEO INTERNACIONAL REMO E PIRAGÜISMO CONCELO DE VIGO 2021", asumindo a responsabilidade única no mesmo e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin, cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto.

2º.- Asumiu todos os gastos derivados da organización do evento deportivo.

3º.-Garantiu a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

4º.- Obtivo todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Publicitou de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos figurou a imaxe institucional do Concello de Vigo, como colaborador do evento deportivo.

6º.- Responsabilizouse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.



Concello de Vigo

7º.-Que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, apareceu a imaxe institucional do Concello de Vigo.

8º.- Invitou ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

9º.- Que en todas as actividades que se desenvolveron vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, figurou nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona de xogo, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

10º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, con resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc...

11º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

12º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

13º.- Atender as medidas sanitarias e protocolos de saúde vixentes en relación co Covid-19.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade deportiva CLUB MARÍTIMO DE VIGO unha subvención por importe de 10.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.07 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas ca organización do evento deportivo "**TORNEO INTERNACIONAL REMO E PIRAGÜISMO CONCELLO DE VIGO 2021**". A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación

deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta da entidade beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto da subvención, na cartellaría, web e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e o 30 de novembro de 2021 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.



Concello de Vigo

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto da subvención cumprarán as seguintes especificades:

- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán aquelas facturas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado na proposta de subvención.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe da subvención.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta de subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia da proposta abarca o período comprendido entre a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local e ata o 30 de novembro de 2021 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación da mesma.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto da presente proposta rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas condicións e compromisos que se conteñen nesta proposta; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.



Concello de Vigo

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución desta proposta establécese en base as memorias e informes que presente a entidade solicitante e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

9(1050).- CONTA XUSTIFICATIVA DO EXERCICIO 2020 DA AULA UNED VIGO. EXPTE. 25437/332.

Dáse conta do informe-proposta do 17/11/2021, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En escrito de data 31/03/2021 (Rexistro Web: W534464-9378) o Consorcio Universitario do Centro Asociado da UNED en Pontevedra, remite a este Concello --en cumprimento da estipulación décimo terceira, décimo terceira bis (adenda expte. 15472/332) e décimo quinta do Convenio asinado o 8/11/2012 entre esa entidade e o Concello de Vigo (ref. Expte 11959/332, 15472/332 e 17054/332)-- a **conta xustificativa** das achegas realizadas polo Concello de Vigo no ano 2020 prevista nas estipulacións citadas.

En data 31/10/2021 (Rexistro Web: W618482-5041) o referido Consorcio Universitario remite novamente a conta xustificativa correspondente aos gastos da Aula da UNED en Vigo do exercicio 2020 por canto a conta remitida con anterioridade contiña un erro no apartado Curso de Acceso (meses de novembro e decembro).

En relación con esta conta xustificativa, en data 2 de novembro de 2021, emitiuse pola xefatura do Servizo de Educación o seguinte informe-proposta:

'Antecedentes:

- *Bases do Convenio entre a Xunta Reitora do Centro Asociado da UNED en Pontevedra e o Concello de Vigo para a creación dunha aula de ensino superior a distancia da UNED (expte.11959/332).*
- *Creación dunha aula universitaria da UNED en VIGO, en relación coa resolución da XUNTA REITORA DO PATRONATO DO CENTRO ASOCIADO DA UNED EN PONTEVEDRA (expte. 11959/332).*

- *Proxecto de Convenio entre o Concello de Vigo e a Xunta Reitora do Centro Asociado da UNED en Pontevedra para a creación en Vigo dunha aula de ensino superior a distancia (expte.11959/332).*
- *Modificación do acordo da XGL do 07/09/12 aprobación do texto modificado do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Xunta Reitora do Centro Asociado da UNED, aprobación do gasto (expte. 11959/332).*
- *Asínase o convenio entre o Padroado do Centro Asociado da UNED en Pontevedra e o Excmo. Concello de Vigo para creación da aula e posta en funcionamento (Expte. 11959/332)*
- *Apertura do Centro ao alumnado*
- *Aprobación pola Xunta de Goberno Local adenda ao Convenio entre o Patronato de UNED e o Concello de Vigo: creación de graos universitarios (expte. 15472/332)*
- *Asínase a adenda ao convenio entre o Padroado do Centro Asociado da UNED en Pontevedra e o Excmo. Concello de Vigo para a implementación e financiamento de graos universitarios na Aula UNED Vigo*
- *Expte. 17054/332 Nova ampliación graos universitarios na Aula UNED de Vigo e aprobación do gasto correspondente. Acordo XGL de 04/11/2016*
- *Expediente 24670/332 Pagamento convenio Concello/UNED exercicio de 2020*

Nas estipulacións 11^o e 13^a, 13^a bis e 15^a do Convenio indícase:

11^a) A achega económica do Concello ao presuposto do Centro Asociado farase efectiva por semestres anticipados. O incumprimento desta cláusula será motivo de resolución do presente Convenio sen necesidade de previa denuncia.

13^a) "Corresponderá ao Centro Asociado á UNED en Pontevedra a selección, e pagamento do profesorado-titor e do/a coordinadora/a, se é o caso. Para esta finalidade, o Concello transferirá ao Centro Asociado á UNED en Pontevedra anualmente a cantidade de 39.858,80 euros correspondente á totalidade dos gastos correspondentes a este capítulo. Esta cantidade será actualizada anualmente conforme aos incrementos de IPC que se produzan. As eventuais modificacións no número de profesores-titores iniciais, serán propostas polo Centro Asociado á UNED en Pontevedra ao Concello de Vigo. De ser aprobada polo órgano competente do Concello de Vigo esta modificación, farase a modificación equivalente na contía da transferencia. O Concello transferirá ao Centro Asociado á UNED en Pontevedra, así mesmo, a cantidade necesaria para os gastos de material funxible de oficina, así como para outros gastos varios para o seu normal funcionamento, por un importe anual de 13.500,00 euros, así mesmo modificable anualmente en función do incremento do IPC, ou por acordo expreso entre as partes."

13^abis) "Para a implantación progresiva dos graos citados, o Concello transferirá ao Centro Asociado da UNED en Pontevedra anualmente --a maiores da cantidade indicada na cláusula 13^a para a implantación do curso de Acceso a Maiores previsto na estipulación 3^a do Convenio-- as cantidades (nas anualidades) estimadas no seguinte cadro:

| Grao/Año | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|----------------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
| Custo Titoría | | | | | |
| Dereito | 1.395,25 | 6.046,05 | 10.696,85 | 15.347,65 | 18.603,20 |



Concello de Vigo

| | | | | | |
|---|------------------|------------------|------------------|------------------|------------------|
| Educación Social | 1.395,25 | 6.046,05 | 10.696,85 | 15.347,65 | 18.603,20 |
| Enxeñería informática | 1.395,25 | 6.046,05 | 10.696,85 | 15.347,65 | 18.603,20 |
| Enxeñería en tecnoloxías da Información | 1.395,25 | 6.046,05 | 10.696,85 | 15.347,65 | 18.603,20 |
| Turismo | 1.395,25 | 6.046,05 | 10.696,85 | 15.347,65 | 18.603,20 |
| | | | | | |
| Total custo titorías | 6.976,25 | 30.230,25 | 53.484,25 | 76.738,25 | 93.016,00 |
| | | | | | |
| Bibliografía | 5.000,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 5.000,00 |
| | | | | | |
| TOTAL todos os Graos | 11.976,25 | 35.230,25 | 58.484,25 | 81.738,25 | 98.016,00 |

15ª) "Xustificación da achega municipal: Conta xustificativa final. Dentro do primeiro trimestre de cada ano, deberá presentarse por parte do Centro Asociado á UNED en Pontevedra UNED a conta xustificativa final na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outros recursos que, se é o caso, financiaran tamén a Aula da UNED en Vigo.

A documentación da conta xustificativa final deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos incorridos coas remisións pertinentes aos xustificantes de pagamento.

Documentación xustificativa

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Serán gastos elixibles os que de xeito indubidable respondan á natureza das actividades financiadas e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de cada ano de vixencia do Convenio.

Cando o gasto singularizado exceda dos 18.000 euros no caso de subministros ou servizos, a UNED deberá solicitar tres ofertas, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións, cuestión esta que deberá ser motivada."

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 04/11/2016 aprobou o cadro financeiro resultante da suma dos distintos compromisos derivados dos acordos tomados dende a sinatura do convenio coa progresiva implantación de novos grados:

"Terceiro.- Aprobar o seguinte cadro financeiro de transferencias á UNED no período 2016-2020, correspondente aos custos estimados da Aula UNED Vigo nos conceptos de coordinación, titorías e materiais dos cursos de acceso, dos grados aprobados no curso 2014-2015 e dos grados aprobados para o seu inicio no curso 2016-2017:

| GRADO | ANO | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 |
|--|-----|-------------------|------------------|------------------|-------------------|------------------|
| Ciencias ambientais | | 1.674,27 | 7.813,26 | 13.394,16 | 16.742,70 | 10.045,62 |
| Estudos ingleses | | 1.674,27 | 7.069,14 | 10.789,74 | 13.022,10 | 7.813,26 |
| Psicoloxía | | 1.674,27 | 7.813,26 | 13.394,16 | 18.975,06 | 13.394,16 |
| Admon. E Dirección Empresas | | 1.674,27 | 7.069,14 | 10.789,74 | 13.022,10 | 7.813,26 |
| Pedagogía | | 0,00 | 1.488,24 | 5.208,84 | 7.441,20 | 4.464,72 |
| Xeografía e Historia | | 558,09 | 3.348,54 | 7.069,14 | 10.045,62 | 6.697,08 |
| Historia da Arte | | 1.116,18 | 5.208,84 | 8.929,44 | 11.161,80 | 6.697,08 |
| Ciencia política e da Administración | | 1.674,27 | 7.069,14 | 10.789,74 | 13.022,10 | 7.813,26 |
| Bibliografía | | 8.000,00 | 8.000,00 | 8.000,00 | 8.000,00 | 8.000,00 |
| TOTAL NOVOS GRADOS 2016-2020 | | 18.045,62 | 54.879,56 | 88.364,96 | 111.432,68 | 72.738,44 |
| TITORÍAS E COORD. CURSO AC-CESO | | 37.858,00 | | | | |
| MATERIAL E BIBLIO CURSO AC-CESO | | 10.500,00 | | | | |
| BIBLIOGRAFÍA GRADOS ADENDA | | 5.000,00 | | | | |
| TITORÍAS GRADOS ADENDA | | 53.484,25 | | | | |
| TOTAL FINAL A CONSIGNAR | | 124.887,87 | 54.879,56 | 88.364,96 | 111.432,68 | 72.738,44 |

A cantidade pagada á UNED (un só pagamento) no ano 2020 foi a seguinte (expte 24670/332):

- Cadro inicial antes do desconto

| CONCEPTO | EUROS |
|--|-------------------|
| Aportación á UNED CONVENIO (expte 11959/332)- titores acceso (*) | 37.858,80 |
| Aportación á UNED CONVENIO (expte 11959/332)- materiais (*) | 10.500,00 |
| Aportación á UNED adenda 1 CONVENIO (expte 15472/332)- TITORES GRADOS +biblio (**) | 98.016,00 |
| Aportación á UNED ampliación de grados (expte 17054/332) -Titores + biblio | 72.738,44 |
| TOTAL 2020 | 219.113,24 |

(*)Acordo Xunta de Goberno Local de 4 de novembro de 2016.

- Na conta xustificativa correspondente aos gastos do ano 2019 (Expte. Núm. 24346/332, Acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/10/2020), resultou o seguinte cadro-resume do balance entre o achegado polo Concello de Vigo para ese ano e o efectivamente xustificado pola UNED:

| Pagado 2019 | Xustificado | A Reintegrar/Compensar pola UNED |
|-------------|-------------|----------------------------------|
| 189.232,16 | 183.678,72 | 5.553,44 |

- Xa que logo, vistos os acordos citados e os cadros financeiros que anteceden, corresponderá o seguinte pagamento á UNED para o ano 2020:

| | |
|--|---------------------|
| Total a pagar segundo cadros financeiros | 219.113,24 € |
| Cantidade a compensar pola UNED en 2020 | -5.553,44 |
| TOTAL A INGRESAR Á UNED 2020 | 213.559,80 € |



Concello de Vigo

XUSTIFICACIÓN DO PAGAMENTO 2020:

Na conta xustificativa presentada polo Centro Asociado de Pontevedra da UNED, constan os seguintes gastos efectivos durante o ano 2020:

| | Concepto | € | Concepto en relación co Convenio |
|---|---|-------------------|----------------------------------|
| 1 | Becas colaboración (titores acceso) e coordinación aula | 38.764,57 | Profesorado-titor, coordinadora |
| 2 | Becas colaboración (titores grados) | 130.958,31 | Profesorado-titor |
| 3 | Material bibliográfico e outros | 5.557,88 | Outros gastos material |
| 4 | TOTAL XERAL xustificado | 175.280,76 | |

En relación coa documentación presentada pola UNED na Conta Xustificativa e cos antecedentes citados:

a) Os gastos realizados **correspóndense coa documentación xustificativa** presentada, que consta de:

- Relacións mensuais dos profesores-titores que impartiron as clases correspondentes ao curso de acceso e grados e da coordinadora da Aula, coa carta de pagamento e documentación de transferencias de Banca electrónica ás contas correntes dos beneficiarios.
- Facturas de provedores de material bibliográfico se ben **non constan** os correspondentes xustificantes bancarios de pagamento (enténdese que o gasto realízase na propia librería da entidade UNED, razón pola que entendemos que non existe transferencia).
- Facturas proveedor de material funxible (pilas, papel, mampara metacrilato)

b) Da revisión realizada sobre a conta xustificativa resultaría as seguinte cantidade a compensar ou reintegrar ao CONCELLO DE VIGO:

| Total pagado € | Total xustificado € | Diferencia a compensar ou reintegrar pola UNED € |
|----------------|---------------------|--|
| 213.559,80 | 175.280,76 | 38.279,04 |

En consecuencia, faise a seguinte **PROPOSTA**:

1. Considerar como gastos xustificadas pola UNED correspondentes ao ano 2020, un total de 175,280,76 €

| Concepto | € | Concepto en relación co Convenio |
|----------|---|----------------------------------|
|----------|---|----------------------------------|

| | | | |
|---|---|-------------------|---------------------------------|
| 1 | Becas colaboración (titores acceso) e coordinación aula | 38.764,57 | Profesorado-titor, coordinadora |
| 2 | Becas colaboración (titores grados) | 130.958,31 | Profesorado-titor |
| 3 | Material bibliográfico e outros | 5.557,88 | Outros gastos material |
| 4 | TOTAL XERAL xustificado | 175.280,76 | |

2. Deberase reintegrar ao Concello de Vigo ou compensar por parte da UNED a cantidade de **38.279,04 euros**, conforme ao seguinte cadro:

| Total pagado € | Total xustificado € | Diferencia a reintegrar ou compensar pola UNED € |
|----------------|---------------------|--|
| 213.559,80 | 175.280,76 | 38.279,04 |

3. Notificar á UNED os extremos contidos no presente informe-proposta para a presentación das alegacións que considere oportunas, sinalándolle que, de sé-lo caso e resultarlle un saldo negativo, as opcións que lle poden corresponder son: a achega de novos xustificantes que sexan adecuados ao obxecto do Convenio e ao período subvencionable, a posibilidade de reintegro polo exceso non xustificado ou o desconto, se é o caso, nas achegas municipais ao convenio vixente.'

A Intervención Municipal, en data 08/11/2021, informa que: "*Examinada a composición da conta xustificativa achegada pola UNED, esta Intervención estima que se axusta aos termos sinalados na cláusula 15 do Convenio e por tanto se xustifican adecuadamente as actividades realizadas e os gastos incorridos no exercicio 2020*", polo que o expediente se fiscaliza de conformidade.

Conforme o recollido no apartado 3º do Informe-proposta que antecede, en data 15/11/2021 (documentos 210230615 e 210230664), o Consorcio Universitario do centro asociado da UNED de Pontevedra informa que "*Una vez examinado dicho informe-propuesta, quisiéramos compensar la diferencia existente a favor del Concello de Vigo por importe de 38.279,04 € descontando la citada cantidad de la aportación a percibir durante el ejercicio 2021*".

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro delegado da Área de Educación e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, e de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguintes

ACORDO:

"1. Considerar como gastos xustificadas pola UNED correspondentes ao ano 2020, un total de **175,280,76 euros**



Concello de Vigo

| | Concepto | € | Concepto en relación co Convenio |
|---|---|-------------------|----------------------------------|
| 1 | Becas colaboración (titores acceso) e coordinación aula | 38.764,57 | Profesorado-titor, coordinadora |
| 2 | Becas colaboración (titores grados) | 130.958,31 | Profesorado-titor |
| 3 | Material bibliográfico e outros | 5.557,88 | Outros gastos material |
| 4 | TOTAL XERAL xustificado | 175.280,76 | |

2. Deberase reintegrar ao Concello de Vigo ou compensar por parte da UNED a cantidade de **38.279,04 euros**, conforme ao seguinte cadro:

| Total pagado € | Total xustificado € | Diferencia a reintegrar ou compensar pola UNED € |
|----------------|---------------------|--|
| 213.559,80 | 175.280,76 | 38.279,04 |

3. Notificar á UNED o presente acordo."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1051).- SEGUNDA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN DAS ENTIDADES PRIVADAS EMPRESARIAIS NA CABALGATA DE REIS 2022 A TRAVÉS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8936/335.

Visto o informe xurídico do 18/11/2021, dáse conta do informe-proposta do 17/11/2021, asinado pola xefa do Servizo de Festas e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en adiante LRBRL), na redacción conferida pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, establece que o Municipio exercerá, en todo caso, as competencias nos termos da lexislación de Estado e das Comunidades Autónomas e, entre outras materias a promoción da cultura e ocupación do tempo libre.

No ámbito destas competencias, o Concello de Vigo a través do Servizo de Festas ten previsto, en materia de dinamización e desenvolvemento de actividades socioculturais, o programa CABALGATA DE REIS 2022.

Entre as diferentes actividades que se organizan dentro deste programa atópase o desfile da Cabalgata de Reis do día 5 de xaneiro de 2022, un dos eventos que aglutina a un maior número de público infantil e familiar, dado o seu carácter tradicional e festivo.

A Cabalgata de Reis é un evento no que participan as principais entidades da cidade a través dun convenio de colaboración coa achega dunha carroza que contribúe a darlle ao desfile das SS.MM os Reis Magos un maior realce, vistosidade e atractivo.

Á vista do elevado número de empresas que manifestaron o seu interese na participación da Cabalgata de Reis fora do prazo establecido na convocatoria, e co obxecto de facer máis atractivo o resultado final do desfile, considérase que sería axeitado abrir un novo prazo de dez días naturais para que as entidades que así o desexen, poidan solicitar a súa participación.

Polo exposto, e previo o informe xurídico, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Admitir as seguintes solicitudes presentadas na primeira convocatoria publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (en adiante BOPPO) do día 22 de outubro de 2021, para participar na comitiva da Cabalgata de Reis 2022:

| ENTIDADE | CIF | TIPO DE COLABORACIÓN PROPOSTA |
|--------------------------|------------|--------------------------------------|
| GADISA RETAIL, SL | B15735590 | CARROZA |
| ABANCA, SA | A70302039 | CARROZA |
| ESPACIO SIETE 2014, S.L. | B27809805 | CARROZA |
| C.C.GRAN VIA DE VIGO | V27837426 | CARROZA |

Segundo.- Abrir un novo prazo de 10 días naturais a contar dende o seguinte ó da publicación desta convocatoria no BOPPO para que todas aquelas entidades empresariais privadas que estean interesadas en participar e colaborar co Concello de Vigo a través de convenios, na Cabalgata de Reis do día 05 de xaneiro de 2022, podan achegar solicitude de participación.

Terceiro.- Advertir ás entidades interesadas que esta convocatoria regúlase polo establecido nas bases reguladoras da primeira convocatoria deste proceso, publicadas no BOP de Pontevedra núm. 204, do día 22 de outubro de 2021.

ACORDO



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1052).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS A XUSTIFICAR. ANO 2021 (4º). EXPTE. 102865/140.

Visto o informe de fiscalización do 22/11/2021, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Fiscalización, o interventor xeral municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable:

- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
- Base 23 das de Execución do Orzamento de 2021.

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

| Habilitado | Nºpagamento | Aplicación orzamentaria | Importe librado | Importe xustificado | Data de pagamento | Data Real xustificación | Data legal de xustificación | Reintegro | S/ a favor |
|--------------------------|--------------|-------------------------|-----------------|---------------------|-------------------|-------------------------|-----------------------------|-----------|------------|
| Abalde Comesaña Rael | 202100056977 | 9120.2269900 | 700,00 | 577,32 | 18/06/21 | 28/09/21 | 18/09/21 | 122,68 | --- |
| Abalde Comesaña Rael | 202100056978 | 9120.2310000 | 500,00 | 431,12 | 18/06/21 | 28/09/21 | 18/09/21 | 68,88 | --- |
| Abalde Comesaña Rael | 202100060659 | 9120.2260100 | 1.500,00 | 1.605,50 | 06/07/21 | 04/10/21 | 06/10/21 | ---- | 105,50 |
| Abalde Comesaña Rael | 202100060917 | 9120.2200100 | 1.200,00 | 1.172,90 | 08/07/21 | 08/10/21 | 08/10/21 | 27,10 | --- |
| García Álvarez Luis | 202100060416 | 1720.2269900 | 9.921,61 | 9.921,61 | 05/07/21 | 22/07/21 | 05/10/21 | ---- | — |
| Martínez Muñoz Francisco | 202100073007 | 1320.2260100 | 300,00 | 100,00 | 30/07/21 | 25/10/21 | 30/10/21 | 200,00 | — |
| Martínez Muñoz Francisco | 202100073008 | 1320.2312000 | 200,00 | 96,00 | 30/07/21 | 25/10/21 | 30/10/21 | 104,00 | --- |
| Martínez Muñoz Francisco | 202100073009 | 1320.2120000 | 500,00 | 11,00 | 30/07/21 | 25/10/21 | 30/10/21 | 489,00 | --- |
| Martínez Muñoz Francisco | 202100073010 | 1320.2140000 | 500,00 | 302,38 | 30/07/21 | 25/10/21 | 30/10/21 | 197,62 | --- |
| Martínez Muñoz Francisco | 202100073011 | 1320.2190000 | 500,00 | ---- | 30/07/21 | 25/10/21 | 30/10/21 | 500,00 | --- |
| Martínez Muñoz Francisco | 202100073012 | 1320.2200000 | 100,00 | 81,30 | 30/07/21 | 26/10/21 | 30/10/21 | 18,70 | --- |

| | | | | | | | | | |
|--------------------------|--------------|--------------|------------|------------|----------|----------|----------|------------|--------|
| Martínez Muñoz Francisco | 202100073013 | 1320.2219900 | 1.000,00 | 841,11 | 30/07/21 | 26/10/21 | 30/10/21 | 158,89 | --- |
| Martínez Muñoz Francisco | 202100073014 | 1320.2269900 | 1.000,00 | ---- | 30/07/21 | 26/10/21 | 30/10/21 | 1.000,00 | --- |
| Núñez-Torrón López Jesús | 202100052775 | 2310.4810000 | 200.000,00 | 93.378,06 | 21/05/21 | 19/10/21 | 21/11/21 | 106.621,94 | --- |
| | | | | | | | | | |
| TOTAL | | | 217.921,61 | 108.518,30 | | | | 109.508,81 | 105,50 |

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

| Alcance da fiscalización | Si | Non |
|--|----|-----|
| Se rendiron no prazo establecido a excepción das ordes de pago a xustificar n.º 202100056977 e 202100056978 de Abalde Comesaña Raquel. | ✓ | |
| A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración. | ✓ | |
| Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos. | ✓ | |
| Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante. | ✓ | |
| Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobranter. | ✓ | |

Resultado da fiscalización:

| De conformidade | Con observacións | De disconformidade |
|-----------------|---|--------------------|
| | As ordes de pago a xustificar n.º 202100056977 e 202100056978 de Abalde Comesaña Raquel non se rendiron no prazo legal de xustificación. A orde de pago a xustificar n.º 202100052775 de Núñez-Torrón López Jesús consta con autorización para ampliación de prazo para xustificación en decreto da Alcaldía de data 23/07/2021. | |

A diversa documentación que compón as contas xustificativas consta incorporada ao expediente electrónico correspondente a cada orde de pago a xustificar no aplicativo do xestor de expedientes.

PROPOSTA

En base á Resolución de data 18 de xuño de 2019, na que se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, propónse a aprobación das seguintes:



Concello de Vigo

| Habilitado | Nº pagamento | Aplicación orzamentaria | Importe librado | Importe xustificado | Data de pagamento | Data Real xustificación | Data legal de xustificación | Reintegro | S/ a favor |
|--------------------------|--------------|-------------------------|-----------------|---------------------|-------------------|-------------------------|-----------------------------|------------|------------|
| Abalde Raquel Comesaña | 202100056977 | 9120.2269900 | 700,00 | 577,32 | 18/06/21 | 28/09/21 | 18/09/21 | 122,68 | --- |
| Abalde Raquel Comesaña | 202100056978 | 9120.2310000 | 500,00 | 431,12 | 18/06/21 | 28/09/21 | 18/09/21 | 68,88 | --- |
| Abalde Raquel Comesaña | 202100060659 | 9120.2260100 | 1.500,00 | 1.605,50 | 06/07/21 | 04/10/21 | 06/10/21 | ---- | 105,50 |
| Abalde Raquel Comesaña | 202100060917 | 9120.2200100 | 1.200,00 | 1.172,90 | 08/07/21 | 08/10/21 | 08/10/21 | 27,10 | --- |
| García Álvarez Luis | 202100060416 | 1720.2269900 | 9.921,61 | 9.921,61 | 05/07/21 | 22/07/21 | 05/10/21 | ---- | — |
| Martínez Muñoz Francisco | 202100073007 | 1320.2260100 | 300,00 | 100,00 | 30/07/21 | 25/10/21 | 30/10/21 | 200,00 | — |
| Martínez Muñoz Francisco | 202100073008 | 1320.2312000 | 200,00 | 96,00 | 30/07/21 | 25/10/21 | 30/10/21 | 104,00 | --- |
| Martínez Muñoz Francisco | 202100073009 | 1320.2120000 | 500,00 | 11,00 | 30/07/21 | 25/10/21 | 30/10/21 | 489,00 | --- |
| Martínez Muñoz Francisco | 202100073010 | 1320.2140000 | 500,00 | 302,38 | 30/07/21 | 25/10/21 | 30/10/21 | 197,62 | --- |
| Martínez Muñoz Francisco | 202100073011 | 1320.2190000 | 500,00 | ---- | 30/07/21 | 25/10/21 | 30/10/21 | 500,00 | --- |
| Martínez Muñoz Francisco | 202100073012 | 1320.2200000 | 100,00 | 81,30 | 30/07/21 | 26/10/21 | 30/10/21 | 18,70 | --- |
| Martínez Muñoz Francisco | 202100073013 | 1320.2219900 | 1.000,00 | 841,11 | 30/07/21 | 26/10/21 | 30/10/21 | 158,89 | --- |
| Martínez Muñoz Francisco | 202100073014 | 1320.2269900 | 1.000,00 | ---- | 30/07/21 | 26/10/21 | 30/10/21 | 1.000,00 | --- |
| Núñez-Torrón López Jesús | 202100052775 | 2310.4810000 | 200.000,00 | 93.378,06 | 21/05/21 | 19/10/21 | 21/11/21 | 106.621,94 | --- |
| | | | | | | | | | |
| TOTAL | | | 217.921,61 | 108.518,30 | | | | 109.508,81 | 105,50 |

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1053).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA "MONTE DA MINA" DE CASTRELOS PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DA ENTIDADE NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES E PARA A COORDINACIÓN E XESTIÓN DO VIVEIRO DE ASOCIACIÓNS NAS SÚAS INSTALACIÓNS. EXPTE. 10086/320.

Visto o informe de fiscalización do 12/11/2021, dáse conta do informe-proposta do 18/11/2021, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 26/03/2021, D. Juan Freiría Barros (DNI: 3596****), en calidade de presidente da A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos (CIF: G-36623593), achegou escrito (doc.210049222), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas para o ano 2020-2021, a realizar entre o 01/10/2020 e o 30/09/2021, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, Don Juan Freiría Barros, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 28/06/2021
 - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 24/08/2021
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 24/08/2021
 - Certificado do Concello de Vigo, de data 04/10/2021

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud de convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).



Concello de Vigo

4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

| ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (1 de Outubro 2020 a 30 de Setembro 2021) | |
|--|--------------------|
| Imposto Bens Inmables | 12.500,00 € |
| Parte proporcional de luz | 2.350,00 € |
| Parte proporcional de auga | 200,00 € |
| Parte proporcional de teléfono | 350,00 € |
| Parte proporcional de seguro | 1.600,00 € |
| TOTAL | 17.000,00 € |

| ORZAMENTO DE INGRESOS (01/10/2020 - 30/09/2021) | |
|--|--------------------|
| Axuda Concello Viveiro de Asociacións | 17.000,00 € |
| TOTAL | 17.000,00 € |

8. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.
9. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
 - a) Fundamentación, obxectivos e metas
 - b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
 - c) Lugar de realización
 - d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
 - e) Recursos humanos e materiais
 - f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 6/87, segundo resolución da Alcaldía de data 09/03/1987.

V. O vixente exercicio presupostario (2021) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 23/12/2020, inclúe expresamente a partida 9240 4890009 "*Convenio A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos*", cunha dotación orzamentaria de 17.000,00 €.

VI. En data 14/04/2021 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 04/10/2021 do tesoureiro municipal , acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

IX. Con data 12/11/2021 a Intervención Xeral Municipal emite informe de fiscalización de conformidade ca seguinte observación: "*O prazo máximo de presentación da conta xustificativa previsto na cláusula novena debe adaptarse ao calendario actual.*"

De conformidade co anterior procédese a axustar o prazo máximo ata o **3 de decembro de 2021**, mantendo inalterables os restantes términos do convenio.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos para o fomento das actividades programadas a realizar pola entidade entre o 1 de outubro 2020 e o 30 de setembro de 2021, mediante a contribución nos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento daquelas, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos.

Segundo recolle o art. 3 dos seus Estatutos, asume entre os seus obxectivos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- *A consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da nosa parroquia un lugar digno onde vivir e convivir.*
- *A reivindicación constante dunha maior participación cidadá nas cuestións públicas.*
- *A mellora da calidade de vida e a existencia dunha mellor participación da veciñanza en tódalas decisións que lle atinxa.*
- *A desaparición dos desequilibrios entre barrios.*



Concello de Vigo

- *A defensa permanente dos dereitos da terceira idade, dos nenos/as e de todas aquelas persoas especialmente marxinadas e asoballadas, na procura de que na nosa parroquia haxa lugares onde se poida xogar, educar, xuntar e convivir.*
- *A defensa dos dereitos das mulleres e dos homes, dentro e fora da asociación, e a denuncia dos malos tratos.*
- *A defensa do idioma galego, que será utilizado a nivel oficial pola asociación.*
- *A defensa da calidade da veciñanza en todos os seus eidos (alimentos, auga, aire libre, colexios, vivendas, sanidade pública, cultura, deporte, etc...)*

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, Pablo Luis Estévez Rodríguez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 17/08/2020).

Doutra parte, asinará o convenio D. Juan Freiría Barros, con DNI 3596*****, en calidade de Presidente da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos (CIF.-G-36623593), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 10086/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio "unha Administración unha competencia". Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Admi-

nistración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónete á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2021), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2020 e o 30 de setembro de 2021, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO



Concello de Vigo

O vixente exercicio orzamentario (2021) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 23/12/2020, inclúe expresamente a partida 9240 4890009 "*Convenio A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos*", cunha dotación orzamentaria de 17.000,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á A.V.C.D. "*Monte da Mina*" de Castrelos son gastos destinados ao mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas para o ano 2020-2021, a realizar entre o 01/10/2020 e o 30/09/2021, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o

destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboaráse logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados

insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que conclúise o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2021), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/2020 e o 30/09/2021, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **3 de decembro de 2021**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral



Concello de Vigo

(Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electrónicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

X. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Participación Cidadá e Festas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 17.000,00 € (dezasete mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4890009 denominada "*Convenio A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos*", incluída no vixente orzamento municipal de 2021.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "*A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos*" (CIF.- G36623593), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas e a realizar pola entidade entre o 1 de outubro de 2020 e o 30 de setembro de 2021, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento e para a coordinación e xestión pola entidade do viveiro de asociacións nas súas instalacións, e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 17.000 € (dezasete mil euros).

TERCEIRO.- E competente para a sinatura do convenio o concelleiro de Participación Cidadá e Festas D. Pablo Luís Estévez Rodríguez por delegación expresa do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

CUARTO.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de



Concello de Vigo

reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA "MONTE DA MINA" DE CASTRELOS PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DA ENTIDADE NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES ENTRE OS MESES DE OUTUBRO 2020 A SETEMBRO DE 2021, ASÍ COMO, PARA A COORDINACIÓN E XESTIÓN DUN VIVIEIRO DE ASOCIACIÓNS NAS SÚAS INSTALACIÓNS

REUNIDOS

Dunha parte, D. Pablo Luis Estévez Rodríguez na súa calidade de Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Juan Freiría Barros, con DNI 3596*****, en calidade de Presidente da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos (CIF.- G-36623593) con domicilio social en Monte da Mina, 16 Castrelos-Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expediente núm. 10086/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo reconece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, a través da área de Participación Cidadá, recibe múltiples solicitudes de diversas asociacións municipais inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións para ser dotadas dun espazo físico onde desenvolver as súas xuntanzas, reunións e actividades.

Para levar adiante o compromiso de apoio ao tecido asociativo, o Concello de Vigo, ten necesidade de infraestruturas básicas que fagan posible a instalación de Viveiros de Asociacións, polo que se avalía moi positivamente a colaboración que presta a A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos ao ceder parte das instalacións do seu local social para o uso de outras asociacións.

Na vontade de afondar nas súas relacións o Concello de Vigo e a A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, mediante este convenio, establecen as canles de colaboración para coordinar e xestionar o Viveiro de Asociacións creado nas instalacións da A.V.C.D. "Monte da Mina", así como, as accións encamiñadas ao fomento das actividades da propia asociación que redundan en beneficio de toda a veciñanza.

III.- Que a entidade A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, de conformidade co art. 3 dos seus Estatutos, asume entre os seus obxectivos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- *A consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da nosa parroquia un lugar digno onde vivir e convivir.*
- *A reivindicación constante dunha maior participación cidadá nas cuestións públicas.*
- *A mellora da calidade de vida e a existencia dunha mellor participación da veciñanza en tódalas decisións que lle atinxan.*
- *A desaparición dos desequilibrios entre barrios.*
- *A defensa permanente dos dereitos da terceira idade, dos nenos/as e de todas aquelas persoas especialmente marxinadas e asoballadas, na procura de que na nosa parroquia haxa lugares onde se poida xogar, educar, xuntar e convivir.*
- *A defensa dos dereitos das mulleres e dos homes, dentro e fora da asociación, e a denuncia dos malos tratos.*
- *A defensa do idioma galego, que será utilizado a nivel oficial pola asociación.*
- *A defensa da calidade da veciñanza en todos os seus eidos (alimentos, auga, aire libre, colexios, vivendas, sanidade pública, cultura, deporte, etc...)*



Concello de Vigo

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 09/03/87, a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 6/87.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a *Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos* leve a cabo as actividades sociocomunitarias e socioculturais planificadas e a realizar entre o 1 de outubro de 2020 e o 30 de setembro de 2021, segundo memoria achegada, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións, creado no ano 2005 mediante convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a referida entidade, nas súas instalacións, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.4890009, denominada "*Convenio Asociación Monte da Mina*", nominativa a favor da entidade, cunha consignación presupostaria de 17.000 €.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidades entre o 1 de outubro de 2020 a 30 de setembro de 2021, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións, cuxa contía total, na parte proporcional, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

| ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (1 de Outubro 2020 a 30 de Setembro 2021) | |
|--|--------------------|
| Imposto Bens Inmóbles | 12.500,00 € |
| Parte proporcional de luz | 2.350,00 € |
| Parte proporcional de auga | 200,00 € |
| Parte proporcional de teléfono | 350,00 € |
| Parte proporcional de seguro | 1.600,00 € |
| TOTAL | 17.000,00 € |

VIII.- Que a entidade *Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos* non incorre en ningunha circunstancia e prohibición recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

IX.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos*, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario e sociocultural, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos comprométese a colaborar coa concellería de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo para garantir a continuidade do Viveiro de Asociacións instalado nas dependencias do seu local social, e concretamente:

1. A por a disposición do Concello de Vigo os espazos que deseguido se relacionan:

Planta 1ª

| Local | Medidas | Superficie |
|------------------|--------------|-----------------------|
| Sala de lecturas | 14,60 x 7,40 | 108,04 m ² |
| Sala de xuntas | 5,45 x 5,80 | 31,61 m ² |

Primeiro soto

| Local | Medidas | Superficie |
|---------|-------------|----------------------|
| Núm. 1 | 9,60 x 5,60 | 53,76 m ² |
| Núm. 2 | 2,20 x 5,60 | 12,32 m ² |
| Núm. 3 | 6,00 x 8,10 | 48,60 m ² |
| Núm. 4 | 2,90 x 6,38 | 18,49 m ² |
| Núm. 5 | 6,00 x 6,65 | 39,90 m ² |
| Núm. 6 | 9,00 x 3,60 | 32,40 m ² |
| Núm. 7 | 6,10 x 5,40 | 32,94 m ² |
| Núm. 11 | 5,35 x 4,30 | 22,90 m ² |

A utilización dos locais do primeiro soto, farase en réxime de exclusividade por aquelas asociacións beneficiarias da súa cesión en uso conforme aos criterios de selección establecidos polo Concello de Vigo, mentres que a utilización da Sala de Lectura e Xuntas da primeira planta estará en réxime compartido, previa solicitude das asociacións integradas no Viveiro de Asociacións.

2. Xestionar as autorizacións necesarias para a cesión en uso dos espazos comúns.

3. Xestionar o cobro da cota de participación nos gastos de mantemento das instalacións, xa que, os gastos ocasionados polo seu uso serán asumidos polas asociacións integradas no Viveiro de Asociacións. A porcentaxe de participación de cada unha delas será establecida pola Comisión de Seguimento.

4. Desenvolver as actividades programadas pola entidade para os meses de outubro 2020 a setembro de 2021, conforme ao proxecto achegado.



Concello de Vigo

5. Participará de forma activa na Comisión de Seguimento prevista neste Convenio.
6. Asumir a programación, organización e xestión das diferentes actividades que desenvolven cun carácter estable ao longo do ano.
7. Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.
8. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades programadas.
9. Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.
10. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade posible, respectando en todo momento a imaxe corporativa do Concello de Vigo.
11. Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.
12. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio.
13. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poda acceder ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Establecer os mecanismos de selección das entidades beneficiarias da cesión en uso dos locais postos a disposición do Concello de Vigo por parte da A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos.
2. Conceder directamente á entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos unha subvención por importe de 17.000 € (dezasete mil euros), con cargo a partida orzamentaria nominativa nº 9240. 4890009, denominada "*Convenio Asociación Monte da Mina*", do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programados e a realizar entre o 1 de outubro 2020 e o 30 de setembro de 2021, así como, para a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións, en definitiva, para o fomento das súas actividades, do asociacionismo e da participación cidadá.

Considéranse gastos correntes de funcionamento e mantemento da entidade aqueles que permitan o seu normal desenvolvemento, tales como: gastos de administración, mantemento das instalacións, subministros (teléfono, auga, luz,...), tributos aboados efectivamente polo beneficiario da subvención, etc...

3. Respetar a estrutura organizativa da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.



Concello de Vigo

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando alomenos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación entre o 01/10/2020 ao 30/09/2021.

Oitavo.- Para o seguimento do convenio, aplicación do mesmo e resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de seguimento integrada por:

1. Representantes do Concello de Vigo:
 - O concelleiro de Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, que ostentará a Presidencia.
 - O/A xefe/a do servizo de Participación Cidadá.
2. Representantes do A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos:
 - Presidente da asociación.
 - Secretario da asociación que actuará como secretario da comisión.
3. Viveiro de Asociacións:
 - Un representante de cada unha das asociacións participantes.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **3 de decembro de 2021**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administración Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego **do trámite en liña** para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require **identificación e sinatura electrónica**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A Conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinadas electrónicamente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación, no seu caso, do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior



Concello de Vigo

ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificárase **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Participación Cidadá e Festas, de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES40 2080 5073 0930 4000 2195 (ABANCA).

Décimo primeiro.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos.



Concello de Vigo

Décimo segundo- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/10/2020 e o 30/09/2021.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos de Participación Cidadá e Festas. A xefa do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2021).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

13(1054).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PARA NOMEAMENTOS DE FUNCIONARIOS INTERINOS COMO ENXEÑEIROS/AS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS. SUBGRUPO A1 DE TITULACIÓN. EXPTE. 38870/220.

Dáse conta do informe-proposta do 22/11/2021, asinado polo xefe de Planificación e Organización de Recursos Humanos, a técnica de Admón. Xeral (Resolución 15/11/2021) e pola concelleira-delegada da mesma, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:



Concello de Vigo

I.- Con data 5 de agosto de 2021, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo adoptou acordo polo que se aproban as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego na categoría de Enxeñeiro/a de Camiños, Canais e Portos, expte. 38107/220, que publicáronse no BOP de Pontevedra nº 157 de data 17 de agosto de 2021.

II.- Por Resolución da Concelleira-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 22/09/2021, aprobouse a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as correspondente á referida Bolsa, órgano de selección, así como lugar e data do primeiro exercicio do proceso selectivo, expte. 38223/220 e 38224/220.

III.- Así mesmo, por Resolución da Concelleira-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de 08/10/2021 resolveuse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas correspondente á Bolsa de Emprego para nomeamentos interinos de Enxeñeiro/a de Camiños, Canais e Portos, de conformidade co artigo 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público.

Rematado o mesmo, consta na correspondente acta do Órgano de Selección de data 17/11/2021 a proposta de aspirantes aprobados ordenados en función da puntuación final obtida de maior a menor -orde descendente-:

| | EXAMES APROBADOS | EXPERIENCIA PROFESIONAL | FORMACIÓN ACADÉMICA | FORMACIÓN COMPLEMENTARIA | TOTAIS |
|--------------------------------------|------------------|-------------------------|---------------------|--------------------------|--------|
| 1. Martínez Giráldez, F. | 10 | 10 | 5 | 2 | 27 |
| 2. Paz Salgado, X. | 10 | 10 | 5 | 2 | 27 |
| 3. Sánchez González, J.M. | 10 | 10 | | 0,5 | 20,5 |
| 4. González Eiras, F.J. | | 6,8 | 5 | 2 | 13,8 |
| 5. Eiras Silva, M. | | 6,5 | 5 | 2 | 13,5 |
| 6. Mera Rico, I. | | 5,8 | 5 | 2 | 12,8 |
| 7. Carrasco García, L. | | 10 | | 2 | 12 |
| 8. González Estévez, M. | | 10 | | 2 | 12 |
| 9. Pastur García, M. | | 10 | | 2 | 12 |
| 10. De la Mata Pombo, D. M. | | 7,4 | | 2 | 9,4 |
| 11. Fernández Casanova, C. A. | | 7,2 | | 2 | 9,2 |
| 12. Marín Gomez, F.M. | | 6,5 | | 2 | 8,5 |
| 13. Santidrián Yebra-Pimentel, M. S. | | 6,4 | | 2 | 8,4 |
| 14. Rodríguez Cañas, R. | | 6 | | 2 | 8 |
| 15. Couto Mesejo, A. | | 4,2 | | 2 | 6,2 |
| 16. Marian Bilbao, L.E. | | 3,1 | | 2 | 5,1 |
| 17. López Alonso, M. | | 2,4 | | 2 | 4,4 |

| | | | | | |
|-----------------------|--|-----|--|------|------|
| 18. Doval Canabal, M. | | 1,4 | | 1,25 | 2,65 |
| 19. Amaro Area, C.M. | | 0,7 | | 0,5 | 1,2 |

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezoito meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento do Estatuto (apartado c) e a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

II.- Na base IV da convocatoria establecíase que unha vez rematada a valoración e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, faríase pública a relación de persoas que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeadas como persoal funcionario interino previsto no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

Así mesmo na base VII establecíase que os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida), aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), e normativa de concordante aplicación.



Concello de Vigo

III.- Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, en base ao previsto na lexislación da función pública e as bases xerais e específicas que rexen esta oposición, resolveu declarar que as persoas que superaron tódalas probas de que constaba este proceso selectivo convocado e que, por tanto, formarán parte da bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión do 5 de agosto de 2021, son os que se sinalan a continuación:

| | EXAMES APROBADOS | EXPERIENCIA PROFESIONAL | FORMACIÓN ACADÉMICA | FORMACIÓN COMPLEMENTARIA | TOTAIS |
|-------------------------------------|------------------|-------------------------|---------------------|--------------------------|--------|
| 1. Martínez Giráldez, F. | 10 | 10 | 5 | 2 | 27 |
| 2. Paz Salgado, X. | 10 | 10 | 5 | 2 | 27 |
| 3. Sánchez González, J.M. | 10 | 10 | | 0,5 | 20,5 |
| 4. González Eiras, F.J. | | 6,8 | 5 | 2 | 13,8 |
| 5. Eiras Silva, M. | | 6,5 | 5 | 2 | 13,5 |
| 6. Mera Rico, I | | 5,8 | 5 | 2 | 12,8 |
| 7. Carrasco García, L. | | 10 | | 2 | 12 |
| 8. González Estévez, M. | | 10 | | 2 | 12 |
| 9. Pastur García, M. | | 10 | | 2 | 12 |
| 10. De la Mata Pombo, D.M. | | 7,4 | | 2 | 9,4 |
| 11. Fernández Casanova, CA. | | 7,2 | | 2 | 9,2 |
| 12. Marín Gomez, F.M | | 6,5 | | 2 | 8,5 |
| 13. Santidrián Yebra-Pimentel, M.S. | | 6,4 | | 2 | 8,4 |
| 14. Rodríguez Cañas, R. | | 6 | | 2 | 8 |
| 15. Couto Mesejo, A. | | 4,2 | | 2 | 6,2 |
| 16. Marian Bilbao, L.E. | | 3,1 | | 2 | 5,1 |
| 17. López Alonso, M. | | 2,4 | | 2 | 4,4 |
| 18. Doval Canabal, M. | | 1,4 | | 1,25 | 2,65 |
| 19. Amaro Area, C.M. | | 0,7 | | 0,5 | 1,2 |

IV.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 16 de xullo de 2021, adopto acordo de aprobación dos “criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego no Concello de Vigo”, (Expte. 36685/220), que foron publicados no BOP nº 151, de 09/08/2021, no que se establece entre outros:

“Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no marco normativo de aplicación.”

As referidas listas deberán ser conformadas por regra xeral polo sistema de oposición libre. Con carácter excepcional, en determinadas categorías da Administración especial nas que exista escaseza de perfís e dificultade de selección, poderán tamén conformarse por concurso-oposición ou concurso de méritos.

As listas de reserva derivadas da execución das OEP, terán carácter preferente sobre as derivadas de procesos selectivos executados para a selección de funcionarios interinos que se executen fora das OEP.”

Segundo o criterio manifestado recentemente pola Intervención Xeral, respecto a resultado de procesos selectivos para bolsas de emprego, aprobación de listas provisionais de persoas admitidas/excluídas, etc, tal e como consta no expte. 32235/220, trámite 218 e, nos expedientes 35225/220, 35393/220, 36004/220, 36803/220, 38008/220, 38009/220, 38010/220 e 38814/220, que non se someteron a fiscalización previa, non están suxeitos a trámite de fiscalización previa, polo que ao tratarse o presente expediente dunha proposta de aprobación dunha bolsa de emprego consecuencia dun proceso selectivo, considerase, en base ao referido criterio da Intervención xeral, non necesario dito trámite.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, polo técnico de organización e planificación de recursos humanos que subscribe coa conformidade da xefa da área de recursos humanos e formación, elévase á Xunta de goberno local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Aprobar a bolsa de emprego de Enxeñeiro/a de Camiños, Canais e Portos, que inclúe as persoas en condicións de ser nomeadas funcionarias interinas segundo o previsto no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), segundo proposta contida na acta do Órgano de Selección e que forman parte inseparable do citado acordo:

| N.º | APELIDOS E NOME | DNI |
|------------|------------------------|------------|
| 1 | Martínez Giráldez, F. | ***7916** |
| 2 | Paz Salgado, X. | ***1832** |
| 3 | Sánchez González, J.M. | ***5776** |
| 4 | González Eiras, F.J. | ***1882** |
| 5 | Eiras Silva, M. | ***0858** |
| 6 | Mera Rico, I. | ***9996** |
| 7 | Carrasco García, L. | ***2395** |
| 8 | González Estévez, M. | ***7380** |



Concello de Vigo

| N.º | APELIDOS E NOME | DNI |
|-----|---------------------------------|-----------|
| 9 | Pastur García, M. | ***3105** |
| 10 | De la Mata Pombo, D.M. | ***2957** |
| 11 | Fernández Casanova, C.A. | ***3640** |
| 12 | Marín Gomez, F.M | ***4977** |
| 13 | Santidrián Yebra-Pimentel, M.S. | ***5227** |
| 14 | Rodríguez Cañas, R. | ***1555** |
| 15 | Couto Mesejo, A | ***0723** |
| 16 | Marian Bilbao, L.E. | ***7753** |
| 17 | López Alonso, M. | ***4937** |
| 18 | Doval Canabal, M. | ***1449** |
| 19 | Amaro Area, C.M. | ***2007** |

Segundo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1055).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL DO CONCELLO DE VIGO EXPTE. 121426/210.

Visto o informe xurídico do 18/11/2021 e o informe de fiscalización do 19/11/2021, dáse conta do informe-proposta do 17/11/2021, asinado polo xefe de Área de Seguridade e Mobilidade, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Por resolución da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión extraordinaria e urxente de 30 de outubro de 2017 (expediente 98714/210), adxudicouse á mercantil API MOVILIDAD S.A o contrato do Servizo de sinalización horizontal e vertical do Concello de Vigo.

Segundo.- O devandito contrato foi formalmente subscrito, en documento administrativo, o día 24 de novembro de 2017, tendo unha vixencia de catro anos, sen prexuízo das prórrogas susceptibles de seren concedidas conforme ao disposto no propio contrato.

Terceiro.- Con data 26 de abril de 2021, D. Xosé Manuel Martínez González, actuando en representación da mercantil API MOVILIDAD S.A, presenta escrito no Rexistro electrónico do Concello de Vigo (documento con número de entrada 210069336) solicitando a primeira prórroga do contrato.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O contrato formalizado contempla unha duración de catro anos, e ata dúas prórrogas dun ano de duración da unha delas (Cláusula 4; art. 208 RDL 3/11).

O día inicial das prestacións quedou determinado no 27 de novembro de 2017.

Segundo.- Para decidir sobre a continuidade do contrato ou a convocatoria dunha nova licitación, tívose en conta o grao de desempeño do contratista sobre o conxunto das obrigas asumidas en virtude do contrato durante toda a duración do mesmo, a adecuación das prestacións obxecto do contrato respecto das necesidades actuais e no vindeiro ano, e as propias circunstancias do mercado.

Terceiro.- Ata a data, a execución do contrato veuse realizando con arranxo aos compromisos asumidos polo contratista e con suxeición aos estándares ordinarios de calidade esixibles.

Cuarto.- O contrato contempla un investimento en I+D+i para mellorar a prestación do servizo, que segundo oferta do contratista é dun 12 por cento (mínimo do 2 por cento da anualidade).

A primeira opción estudada foi a posibilidade de identificar un sistema eficaz de borrado das marcas vias mediante a emisión de raio láser nunha determinada lonxitude de onda (solución) para eliminar as marcas viarias, substituíndo ás operacións tradicionais de fresado (mellora potencial).

O proxecto púxose en marcha en colaboración co Departamento de I+D+i da Escola de Enxeñería Industrial da Universidade de Vigo.

O orzamento inicial aportado pola Universidade foi de 72.600 euros (IVE incluído).

O proxecto sería viable no caso de que, comprobada a aptitude da solución tecnolóxica, ademais esta fose susceptible de industrialización para a súa aplicación ao servizo obxecto de contratación (mellora real).

Iniciado en novembro de 2019, os traballos e estudos preliminares entre o contratista e a Universidade, baixo a supervisión continua do Concello, determinan o alcance limitado da solución (soamente opera con pintura acrílica, e non a de dous compoñentes) e a imposibilidade de industrialización (sistema móbil) da solución láser a prezos de mercado, polo que en outubro de 2020 descártase continuar co proxecto.

Quinto.- Descartada a opción do borrado con raio láser, o contratista presenta unha nova opción consistente nunha solución de xeración de sinais horizontais virtuais variables na calzada para unha xestión dinámica e intelixente do tráfico en tempo real, con técnicas de láser ou led.

Identificada como unha solución máis próxima ao estado da arte no mercado, os retos do proxecto xiran ao redor da posibilidade de aproveitar a crecente diminución do tamaño dos dispositivos láser ou led para transmitir una potencia luminosa adecuada para reproducir os signos correspondentes e quer resulten sempre visibles, a durabilidade dos equipos



Concello de Vigo

(capacidade de liberación da temperatura de funcionamento), a estanquidade dos mesmos e a xeometría da proxección.

Denominado GESVIPRO (Xestión Vial mediante Proxección de Sinalización), o orzamento inicial alcanza un importe de 324.435 euros (IVE incluído), e a previsión é o seu desenvolvemento durante a seguinte anualidade do contrato (prórroga).

Sexto.- O cálculo previsto no período da primeira prórroga sería de 600.000 € segundo a desagregación seguinte:

- Gasto previsto no período comprendido entre 27 de novembro ao 31 de decembro de 2021: 56666,67 €.
Consta RC Nº 202100004359, por importe de 56.666,67 €, para a tramitación da 1ª prórroga.
- Gasto previsto no período comprendido entre 1 de xaneiro de 2022 ao 26 de novembro de 2022: 543.333,33.

Sétimo.- O expediente deberá ser obxecto da correspondente operación contable de Reserva de Crédito (RC), así como do Informe de fiscalización que haberá de emitirse pola Intervención Xeral, de conformidade co artigo 136 da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local e 214 concordantes do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

En atención ao anteriormente exposto, sométese a consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Autorizar, por un período dun ano, a contar dende o 27 de novembro de 2021 ao 26 de novembro de 2022, a primeira prórroga do contrato do Servizo de sinalización horizontal e vertical do Concello de Vigo, suscrito o día 24 de novembro de 2017 coa mercantil API MOVILIDAD SA, con cargo á partida orzamentaria 1330 2279902 (CONCESIÓN MARCAS E VIAIS), cunha previsión de gasto no período de prórroga nos exercicios 2021-2022 de 600.000 euros (56.666,67 € correspondentes ao período comprendido entre o 27 de novembro ao 31 de decembro de 2021 e 543.333,33 euros ao período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 ao 26 de novembro de 2022)

Segundo.- A prórroga concedida condiciónase, na súa validez e eficacia, a que o contratista manteña a contratación dunha póliza de responsabilidade civil por contía non inferior a 2.000.000 de euros polo período autorizado, consonte ao disposto no apartado 14 das Follas de Especificacións do Contrato (FEC).

Terceiro.- Indicar ao interesado/a que a resolución que se lle notifica pon fin á vía administrativa ao abeiro do disposto no artigo 114.1 c) da Lei 39/2015, de 01 de outubro do Procedemento administrativo común.

Contra este acto administrativo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015.

Asemade, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo segundo o previsto nos artigos 1, 8, 25.1, 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso *Administrativa*, e 116 e concordantes da Lei 30/1992, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da presente notificación. Todo elo sen prexuízo da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1056).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS BIBLIOTECARIOS COMPLEMENTARIOS PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL "XOSÉ NEIRA VILAS". EXPTE. 16176/331.

Visto o informe xurídico do 12/11/2021 e o informe de fiscalización do 16/11/2021, dáse conta do informe-proposta do 29/10/2021, asinado polo xefe de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- RD Leg 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. TRLCSP
- RD 1098/2001 Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- RD Leg 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Leg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

ANTECEDENTES

1. A Xunta de Goberno Local con data 6 de febreiro de 2020 acordou (expte 15967/331):

"Adxudicar a LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L. (B-15.648.595) o procedemento aberto para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca municipal "Xosé Neira Vilas" (15.967-331) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 543.858,31 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 94.388,63 euros.*
- b) Comprométese á realización de estudos de público usuario conforme ao previsto no apartado 7.B.3 do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- c) Comprométese a por a disposición do servizo 75 horas en horario diferente ao habitual, incluso en horario nocturno, sen custo para o Concello.*



Concello de Vigo

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno local e a oferta presentada, formada pola proposición avaliable mediante xuízo de valor e a proposición avaliable a través de fórmula”.

2. Con data 5 de marzo 2020, asinouse o contrato administrativo entre o Concello de Vigo e a mercantil LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L. (B-15.648.595) cun prazo de execución de DOUS anos naturais sendo a data de inicio o 3 de abril de 2020 (cláusula 4) .

3.- Este contrato estipula a posibilidade de tres prórrogas de un ano de duración cada unha delas, finalizando o periodo fixo de contrato o 2 de abril de 2022.

4. Por escrito de entrada na sede electrónica municipal nº 210217875, de data 28 de outubro, D. Cleso Figueroa Suárez en nome e representación da mercantil LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L. (B-15.648.595) presta a súa conformidade á primeira prórroga do contrato, cunha duración de un ano, do 3 de abril de 2022 ao 2 de abril de 2023.

5. Consta no expediente resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura, de data 7 de outubro, dispoñendo se proceda a instruír a primeira prórroga do contrato por ser necesario continuar ca prestación do servizo da empresa contratada para a execución dos devanditos traballos co persoal cualificado para a execución dos mesmos os resultados satisfactorios acadados.

6. Esta xefatura informa que a empresa LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L. (B-15.648.595) ten cumprido satisfactoriamente con todo o estipulado no citado contrato, desenvolvendo correctamente as obrigas encomendadas e sen ningún incumplimento pola súa parte.

CONSIDERACIÓNS XURIDICAS

1.- A Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público regula no seu artigo 29.4 que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas.

2.- Según o artigo 29.2 da LCSP, o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as características permanezan inalterables durante o periodo de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de Contratación e será obligatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza alomenos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

3.- Neste senso, tanto a cláusula 4ª do contrato asinado con data 5 de marzo de 2020, como a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e apartado 4.c) das FEC, establecen que o presente contrato terá unha vixencia de dous anos a contar dende o día 3 de abril de 2020, prevéndose a posibilidade de tres prórrogas dun ano cada unha delas.

4.- O expediente de prórroga do contrato iniciarásese polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución do concelleiro da Área de Cultura de data 7 de outubro de 2021 autorizando o inicio de este expediente da primeira prórroga do contrato.

5. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupuestaria.

6.- A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego e mailo concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

“PRIMEIRO.- Aprobar a primeira prórroga do contrato de servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas” (expediente 15967/331), polo período dun ano, é dicir, dende o día 3 de abril de 2022 ao 2 de abril de 2023.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe total de **271.929,15 € (douscentos setenta e un mil novecentos vintenoventa euros con quince céntimos)**, a favor de **LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L. (B-15.648.595)**, con cargo á partida 3321.227.99.10 “Funcionamento da Biblioteca Martínez Garrido” do orzamento municipal, según o seguinte de talle

- Ano 2022 (3 de abril ao 31 decembro): 202.436,16 €
- Ano 2023 (1 xaneiro ao 2 de abril): 69.492,99 €

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e publicar este no perfil do contratante do Concello de Vigo”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

16(1057).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE “ACONDICIONAMENTO DO ANDAR BAIXO E SOTO DO I.M.E. MIGUEL SERVET PARA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL”. EXPTE. 5051/443.

Dáse conta do informe-proposta do 18/11/2021, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 18.03.2021 resolveu autorizar o gasto para redacción para redacción do proxecto para a creación dunha escola infantil municipal no Instituto Municipal de Educación a favor de Angel Jaime Santorio Cuartero.

II.- O Arquitecto Angel Jaime Santorio Cuartero presenta, trala fase de supervisión, borrador do proxecto de “ACONDICIONAMENTO DO ANDAR BAIXO E SOTO DO I.M.E. MIGUEL SERVET PARA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL”, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS VINTE E SETE MIL DOUSCENTOS VINTE E TRES EUROS CON TRES CÉNTIMOS (627.223,03 €).

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 31.05.2021, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, en data 01.06.2021 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación se desenrola na rúa Camiño do Chouzo n.º 2. O proxecto trata de adecuar os espazos de una edificación de titularidade municipal existente con n.º de inventario 113; dita edificación no seu conxunto consta de planta soto, baixo con tres plantas unha delas baixo cuberta, para usos administrativos e cultural na actualidade. Sobre dita edificación tratase de efectuar unha adecuación parcial, coa finalidade de adecualo para a actividade de gardería infantil, actuando sobre unha superficie de 650,15 m2 sendo as obras a efectuar as que describen a continuación:

- Inicialmente e unha vez retirados, a totalidade de aparellos existentes, procederase a demolición da cuberta da zona de almacéns existentes, así como a tabiquería interior, e desmontase das escaleiras existentes. Execución de novo saneamento horizontal a base tubaxe enterrada e conexión para a continuación proceder ao recheo das zonas de cota inferior ata a nivelación da cota de edificio principal a base formigón armado sobre encofrado perdido sobre pezas de polipropileno reciclado, con laminas de illamento. Execución de subestrutura de aceiro laminado de perfís metálicos con posterior colocación de cuberta de panel sándwich, murete de peche con propiedades colindantes a base cimentación de formigón e posterior muro de bloque revestido.
- Nova formación de tabiquería interior a base tabiques de ladrillo co seu correspondente enfoscado e pasteado de cal, e alicatado porcelánico en zonas húmidas, así como placas de xeso laminado, sobre estrutura de perfís de aceiro galvanizado, e zonas que se prevé tabiques de vidro laminado cos seus elementos

de paso e peche. Reparación de elementos de cuberta deteriorados na zona de cuberta plana, colocación de panel chapa con illamento, e cuberta de vidro no pórche de entrada, así como a instalación de illamento tanto na zonas exteriores verticais como horizontais.

- Colocación de carpintería exterior a base portas e fiestras de aluminio con rotura de ponte térmico, con seus correspondentes ferraxes de colgue e seguridade, así como o correspondente acrisolamento con cámara entre ambos. Carpintería interior propónse ademais das portas de paso dun panelado en paramentos verticais a base de taboleiro de fibras de madeira e resinas sintéticas.
- Execución das instalacións de fontanería a base de tubaxe de polipropileno, e colocación de aparatos sanitarios, canalización de chapa de aceiro con illamento interior, para calefacción e ventilación, así como a súa maquinaria correspondente, canalización empotrada de electricidade cos correspondentes elementos de iluminación e distribución, instalación de voz e datos e dotación de sistema de protección contra lumes baseado en sistemas de detección, evacuación e extinción.
- Acabados interiores a base de pinturas en paramentos verticais, pavimentos vinílico no seu interior e acabados en zonas exteriores con pavimentos de EPDM formigón pulido, e céspede.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (CATRO) 4 meses.

V.- Consta no expediente administrativo de referencia, resolución de data de 29.09.2021, autorizando a creación/construción do centro de servizos sociais Escola infantil municipal Santa Marta II, situado en Camiño do Chouzo 2, así como informe valorativo da unidade de Proxectos e Accesibilidade, de data 27.09.2021, sobre a adecuación do proxecto ao cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa específica de aplicación.

VI.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 27.10.2021 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“A actuación proposta a efectos urbanísticos atopase dentro do ámbito dun solo urbano consolidado, estando cualificado con ordenanza 3,3 de zonas culturais e sociais, e no I.O.P. con aprobación definitiva de 24/07/2019, cualificado como equipamento, e na nova revisión do PXOM, atopase cualificado como solo urbano consolidado como Sistema Xeral de equipamento (SX-EQ-ED-194).

O proxecto en cuestión dispón de informe favorable da unidade de Proxectos e Accesibilidade de data 17/09/21, así como resolución favorable da Consellería de Política Social de data 28/09/21.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en



Concello de Vigo

consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de “**ACONDICIONAMENTO DO ANDAR BAIXO E SOTO DO I.M.E. MIGUEL SERVET PARA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL**”, redactado polo Arquitecto Angel Jaime Santorio Cuartero, cun orzamento base de licitación máis IVE de

SEISCENTOS VINTE E SETE MIL DOUSCENTOS VINTE E TRES EUROS CON TRES CÉNTIMOS (627.223,03 €) e con sinatura dixital de data 11.08.21.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Expediente de contratación do servizo de axencia de viaxes para a xestión de reservas e organización da viaxe dos membros da delegación que se despracen a Madrid con motivo da Feira Internacional de Turismo (FITUR). Expte. 8010/104.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

17(1058).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXENCIA DE VIAXES PARA A XESTIÓN DE RESERVAS E ORGANIZACIÓN DA VIAXE DOS MEMBROS DA DELEGACIÓN QUE SE DESPRACEN A MADRID CON MOTIVO DA FEIRA INTERNACIONAL DE TURISMO (FITUR). Expte. 8010/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 23/11/2021 e o informe de fiscalización do 24/11/2021, dáse conta do informe-proposta de data 22/11/2021, asinado pola xefa do Servizo de Turismo, a concelleira-delegada de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).



Concello de Vigo

- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

Antecedentes:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, foi asinada o 11 de outubro de 2021.
- Memoria económica de data 13 de outubro de 2021, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP, en base ós prezos facturados na pasada edición da feira Fitur (maio 2021) para o mesmo tipo de servizos e tras analizar os importes facturados polas axencias de viaxes nos anos precedentes para levar a cabo o obxecto de presente contrato e facendo un cálculo do custo medio, así como a referencia de prezos de mercado segundo tarifas que aparecen nas diferentes páxinas Web publicadas en internet. No custo da persoa que acompañará a delegación a Madrid tomouse como referencia os importes facturados polas axencias na pasada edición.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 14 de outubro de 2021 (operacións nº 202100104012 e 202100104013).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 05 de novembro de 2021.
- Memoria xustificativa de data 5 de novembro de 2021, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).

- A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
- Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
- Xustificación da elección do criterio de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación da fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do servizo de contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 05 de novembro do 2021.
- Prego de Cláusulas administrativas particulares asinado pola servizo de contratación de data 05 de novembro de 2021.

Fundamentos de dereito

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Area. A Concelleira delegada de Turismo mediante resolución de 13 de outubro de 2021 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de servizo (art. 17 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado abreviado (art. 159.1.a LCSP) non necesita máis xustificación.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP, os criterios de adxudicación e



Concello de Vigo

fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adjudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Noveno.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª .4 LCSP)

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado abreviado DO SERVIZO DE AXENCIA DE VIAXES PARA A XESTIÓN DE RESERVAS E ORGANIZACIÓN DA VIAXE DOS MEMBROS DA DELEGACIÓN QUE SE DESPRACEN A MADRID CON MOTIVO DA FEIRA INTERNACIONAL DE TURISMO (FITUR)

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 05 de novembro do 2021 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 05 de novembro do 2021.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de **26.462,85 euros con iva, sendo o IVE 2.535,75 euros.**

O contrato financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria 4320.227.9900 “Organización e loxística de Feiras”. do programa orzamentario do servizo de Turismo para os exercicios 2021 e 2022.

Co seguinte desglose de anualidades:

Anualidade 2021: 5.292,57€

Anualidade 2022: 21.170,28€

Total: 26.462,85€

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1059).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

MEF.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Abel Losada Álvarez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez